

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de maio de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vintetres de maio de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(526).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta das sesións ordinarias do 2 e 9 de maio de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(527).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ME MUEVO”. EXPTE 11346/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06.05.05 e de acordo co informe proposta da técnica de Benestar Social, do 25.04.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, pola delegada de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación para o síndrome de Down de Pontevedra, entidade colaboradora do Concello de Vigo, para o desenvolvemento dun Programa de autonomía persoal denominado “ME MUEVO”.

2º.- Prestar aprobación á disposición dunha cantidade de 6.010,12 - (SEIS MIL DEZ CON DOCE) EUROS, con cargo á partida de Benestar Social 3130.227.06.09, como contribución municipal ao convenio.

3º.- Delegar a sinatura do convenio na persoa da Delegada da Área de Participación Cidadá, Dna. Marta Iglesias Bueno.

REUNIDOS

Dunha parte Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá, nomeada por Resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005 e acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2005.

E doutra D. Fernando Molina Magdalena, en calidade de presidente da Asociación para o síndrome de Down de Pontevedra, con CIF. G-36.697.324, e enderezo en R/ Manolo Martínez, 1 – 1º Dcha, de Vigo.

Ámbalas partes, en nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1.- Un dos aspectos máis importantes na educación dos discapacitados psíquicos e, por conseguinte, da súa integración na sociedade é, ademáis de ensinalles os aspectos educativos elementais, conseguir que logren unha autonomía persoal que lles permita alcanza-lo maior grado de independencia posible.

Os prantexamentos no mundo da educación para discapacitados non poden ser radicais, xa que dependen das minusvalías dos afectados. É fundamental a posta en marcha de programas de intervención promovendo, ademáis da adquisición de habilidades e coñecementos, aspectos adaptativos que afectan á raíz de tódolos comportamentos, como son as habilidades de competencia social, a adquisición de hábitos de autonomía e independencia persoal, as habilidades de comunicación, etc.

2.- O artigo 49 da Constitución Española dí que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos disminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o disfrute dos dereitos que este Título (refírese ó Título 1, Dos dereitos e deberes fundamentais) otorga a todos os cidadáns.

3.- Segundo o art. 11 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servicios sociales, son servicios sociales de atención especializada os dirixidos a sectores de poboación con problemáticas definidas.

4.- Segundo o art. 13.1 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servicios sociales, son servicios sociales de atención especializada na área de actuación das minusvalías aqueles que procuran o tratamento, rehabilitación e integración social dos discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, así como a prevención das minusvalías.

5.- segundo o art. 13.3 da mesma Lei, son programas propios destes servicios os de valoración, diagnóstico e calificación das minusvalías, atención temprana, formación ocupacional, integración laboral, supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social.

6.- Que os Concellos como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, o no artigo 21 da lei Galega de Servicios Sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no campo dos servicios sociais.

7.- Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo pretende realizar un programa encamiñado á integración social dos/as nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afronta-las accións motivo deste convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Condições básicas:

Primeira: Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a integración social de nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual a través dun programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno. O programa denomínase “ME MUEVO”.

Segunda: Finalidade - A finalidade do convenio é conseguir que os nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual desenvolvan a máxima autonomía na súa vida cotiá, e que poidan realiza-las súas actividades de ocio da mesma forma que o veñen facendo os nenos/as e xoves sen discapacidade, reforzando, deste xeito, o seu proceso de aprendizaxe intelectual e persoal. Tentarase concienciar a toda a comunidade das posibilidades destas persoas como membros que participan na sociedade.

Terceira: Funcións - A Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra será a encargada de organizar, planificar, avalia-las actividades e cantas outras accións sexan necesarias para a realización deste programa.

Será función do Concello facer fronte os gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: Destinatarios - Serán destinatarios deste programa de actividades os/as nenos/as e xoves e adultos con síndrome de Down a partires dos oito anos de idade.

Quinta: Custo - O custo da execución do convenio será de 6.010,12 €.- (SEIS MIL DEZ CON DOCE CÉNTIMOS) EUROS con cargo á partida 3130.227.06.09 de Benestar Social.

Sexta: Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das controversias que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

- Pola Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra:

* Fernando Molina Magdalena
Presidente da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra

* Ana Tejada Vidal
Directora da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra

- Polo Concello de Vigo:

* Marta Iglesias Bueno
Delegada da Área de Participación Cidadá

* María Sierra Abraín
Técnica do departamento de Benestar Social

Sétima: Difusión do proxecto - A difusión do proxecto, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do concello de Vigo.

Oitava: Obrigas da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra - Polo presente convenio, a Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra comprométese a:

a - Desenvolve-las actividades acordadas previamente, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.

b - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a publicidade, material, etc, motivadas polas accións emprendidas neste convenio.

c - Facilita-la inspección, control, etc, de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

d.- Presentar ó Concello informes de desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo.

e.- Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Consellería de Benestar Social.

Novena: Outras obrigas do Concello de Vigo - O Concello de Vigo obrígase ademais a:

a - Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

b - Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos do proxecto presentado, polo importe máximo marcado no presente convenio (SEIS MIL DEZ CON DOCE CÉNTIMOS EUROS).

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima - Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Duodécima - O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 6.010,12 EUROS (SEIS MIL DEZ CON DOCE CÉNTIMOS) do xeito que se indica na cláusula quinta do presente convenio.

Décimo terceira - O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia no apartado anterior, non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo cuarta - O Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 3.005,06 EUROS, que supón o 50% do total, ó inicio do programa, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das actividades. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra, que tales actividades se ten iniciadas.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante efectuarase unha vez sexa xustificada a realización da totalidade do proxecto polo funcionario referido e coa conformidade do Presidente da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra e informe favorable da Comisión de seguimento, e previa certificación pola Unidade Administrativa correspondente desta realización.

Décimo quinta - A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do departamento de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado de da-lo visto e prace á xustificación da realización da actividade, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes.

Vixencia

Décimo sexta - O presente convenio entrará en vigor na data da súa asinatura, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2005

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo, de de 2005

3(528).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E HIJAS DE M^a INMACULADA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE APOIO ESCOLAR. EXPTE 11348/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03.05.05 e de acordo co informe proposta da técnica de Benestar Social, do 18.04.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, pola delegada de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración con Hijas de M^a Inmaculada, entidade colaboradora co Concello de Vigo, para o desenvolvemento de actividades de apoio educativo dentro do Servizo de Infancia e Familia.

2.- Aprobar o gasto de 4.800 (catro mil oitocentos) euros, cantidade que cubrirá os custos do proxecto, sendo o importe total do citado convenio, con cargo á partida 3130.226.08.06 de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación, cantidade destinada a cubrir as accións neste ano 2005.

3.- Aprobar delegar a competencia de asinar o Convenio entre o Concello de Vigo e Hijas de María Inmaculada para o desenvolvemento de actividades de apoio educativo, en Dona Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E HIJAS DE MARÍA INMACULADA.

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeada por resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005.

doutra

Dª. Mª del Pilar Rullo Beteta, con DNI : 3.823.306-Q, en representación de la Congregación Religiosa Hijas de María Inmaculada, inscrita na D.G. de Asuntos Religiosos, Registro Entidades Religiosas, en data 31/8/1982, con nº 1328-d/1 – SE/B e 1328-a/13 – SE/B, e segundo poder de data 9 de febreiro de 2001.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifiestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.

Evita-la inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación dos menores con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende esta concellería.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembargantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.

2.- As accións de carácter preventivo centradas na capacitación educativo-formativa, de habilidades sociais básicas e de relación e capacitación dende un modelo de competencia, téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.

3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 3/1997, de 9 de xuño, Galega da Familia, da Infancia e da Adolescencia, di no seu artigo 3º, principios retores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).

7.- Hijas de María Inmaculada, é unha Congregación que ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico.

E segundo consta nas Constitucións da Congregación Religiosas de María Inmaculada, no número 9 das mesmas di que “Nuestra misión se ejercita con los jóvenes más necesitados, especialmente con los que, por carencia de medios económicos, trabajan como empleadas de hogar o en otras actividades o se preparan para ocupar un puesto de trabajo en la sociedad”.

Tamén se dí que “...el desarrollo integral de la persona... nuestro objetivo será ayudarles con los medios adecuados para que adquieran firmes convicciones cristianas asimiladas en libertad y lucidez, forme su voluntad, enriquezca su corazón en el amor; desarrolle el sentido social de su profesión y preste colaboración al bien común, adquiera más perfecta conciencia de la propia responsabilidad en el recto y continuo desarrollo de su vida y la conquista de la verdadera libertad” Constitución nº14.

“En nuestros centros educativos se impartirá a los jóvenes formación espiritual, humana y profesional, lo más completa posible. Teniendo en cuenta que la labor docente en nuestra Congregación está en función de su trabajo asistencial, se dará preferencia a una enseñanza básica, profesional y a cursos de promoción que las circunstancias aconsejen...” Directorio nº 7.

8.- O Concello de Vigo reconece a Hijas de María Inmaculada, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, valoradas técnicamente polo persoal municipal.

9.- Este Convenio queda excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira : Obxecto - O obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dentro do Programa de Infancia e Familia, dun Proxecto de Apoio Escolar para rapaces e rapazas adolescentes e preadolescentes, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas que compoñen o citado programa. O grupo que conforman os chavales de 12 a 16 anos son chicos de familias desestructuradas, moitos deles ten permanecido nalgún momento da súa vida en centros de protección de menores. Normalmente son consumidores precoces de drogas e presentan fracaso escolar, por isto necesitan un apoio máis especializado.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é desenvolver polo período correspondente a un ano, unha serie de actividades centradas no apoio escolar e o desenvolvemento de habilidades sociais no centro do que dispón a entidade.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da exclusión social, en particular no canto a prevención e tratamento da violencia, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.

Hijas de María Inmaculada, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisa-lo cumprimento das fins do proxecto, e facilita-la realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto os menores que conforman o grupo de risco determinado polo Equipo de Intervención do Programa de Infancia e Familia e aqueles consensuados entre ambas entidades que reúnan o perfil.

Quinta : Duración – O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005.

Sexta : Condicións económicas - as condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 4.800 (catro mil oitocentos) euros, con cargo á partida 3130.226.08.06 de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación correspondente.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - a sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

Hijas de María Inmaculada, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.

Undécima : - Polo presente Convenio, Hijas de María Inmaculada, comprométese a:

a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións que se especifican no anexo, (discutidos previamente por persoal técnico das entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e segundo se especifica no anexo.

d - Presentar ó Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Aterse ás datas e condicións marcadas nos anexos.

k - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a – Garanti-la prestación adecuada das actividades e servizos motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.

b – Articula-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.

c – Dispo-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - *A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.*

Decimocuarta: - *Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, Hijas de María Inmaculada, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.*

Así mesmo, por acordo expreso das partes asinantes do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.

Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.

Decimoquinta: - *O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.*

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - *Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.*

Decimosétima - *O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.*

De ser Hijas de María Inmaculada a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava - *O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 4.800 (catro mil oitocentos) euros.*

Decimonovena - *o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respeita ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.*

Vixésima - *Con referencia ó pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora aboará á entidade prestadora do servizo (Hijas de María Inmaculada) unha cantidade inicial que supoña o 50% do total, ó inicio do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das accións.*

O resto do importe da cantidade presupostada, será abonado en dous prazos.

O correspondente ó segundo pago de 1.200 euros (mil douscentos), será tramitado unha vez que se teñan executado a metade das accións previstas, debendo ser certificado polo responsable técnico municipal encargado do proxecto.

O terceiro e derradeiro pago da cantidade restante, 1.200 (mil douscentos) euros, será tramitado unha vez sexa certificado polo responsable técnico municipal a realización total do proxecto.

Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Hijas de María Inmaculada) ó Concello de Vigo, ó persoal técnico designado como responsable do proxecto.

Vixencia:

Vixésimosegunda - O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2005.

De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.

Así mesmo, e como aparece recollido na Claúsula Decimocuarta, por acordo expreso das partes asinantes do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha Addenda anexa.

Acordo final:

Vixésimoterceira - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Hijas de María Inmaculada, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos asinantes a traveso da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sen que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sen que sexa preciso a asinatura dun novo convenio, excepto no especificado na cláusula vixésimosegunda.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil cinco.

4(529).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE. EXPTE 11353/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.04.05 e de acordo co informe proposta da técnica de Benestar Social, de 22.04.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, pola delegada de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.-Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación xuvenil Abertal, entidade colaboradora do Concello de Vigo, para o desenvolvemento de actividades dirixidas aos nenos e nenas integrados no Servizo de Infancia e Familia.

2.-Aprobar o gasto de 16.000 (dezaseis mil) euros, cantidade que cubrirá os custos do proxecto, con cargo á partida 3130.226.08.06 Programa Menores – convenio infancia de Benestar Social ou a súa correspondente bolsa de vinculación.

3.-Delegar a competencia de asinar o convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación xuvenil Abertal en Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada de Participación Cidadá.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E
A ASOCIACION XUVENIL “ABERTAL”*

En Vigo, de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Marta Iglesias Bueno, Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nomeada por Resolución de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005, en representación do mesmo.

doutra

D. Francisco Javier Maillo Calama, con NIF: 36.096.349-B, Presidente da Asociación Xuvenil “Abertal”, inscrita a modificación de estatutos por resolución do 13/1/2004 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de acordo co artigo 26 dos citados estatutos e por acordo da Xunta Directiva de data 30 de marzo de 2004.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.

Evita-la inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación dos menores con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende esta concellería.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembargantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.

2.- *As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.*

3.- *A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.*

4.- *O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.*

5.- *A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.*

6.- *A Lei 3/1997, de 9 de xuño, Galega da Familia, da Infancia e da Adolescencia, di no seu artigo 3º, principios retores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).*

7.- *A Asociación Xuvenil “Abertal” é unha entidade con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico.*

Segundo consta nos estatutos de dita Asociación, modificados para adapta-los ás previsións da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de asociados de data 24 de outubro de 2003, inscrita a modificación de estatutos por resolución do 13/1/2004 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

No mesmo artigo, apunta coma fins “prestar todo tipo de servizos educativos e sociais ós nenos/as e mozos...” “... de acordo coas súas necesidades e intereses”, desnvolver proxectos de “intervención socioeducativa”, ofrecer “espacios e locais de encontro”, e “facilitar a inserción social”, entre outras fins recollidas nos estatutos.

8.- *O Concello de Vigo recoñece á Asociación Xuvenil Abertal, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, amosado nas desenvolvidas con anterioridade en colaboración con éste, valoradas técnicamente polo persoal municipal.*

9.- *Este Convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afronta-las accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira : Obxecto - O obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dentro do Servizo de Infancia e Familia, dun proxecto de integración de rapaces e rapazas en actividades de lecer, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas cos que se está a traballar no citado Servizo. Os participantes neste proxecto conforman o grupo de risco valorado polas profesionais que traballan no equipo de infancia e familia. Son nenos e nenas con graves problemáticas sociofamiliares, procedentes de entornos familiares desestructurados con notables carencias en moitos aspectos e que precisan dunha atención específica e especializada.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é desenvolver por un período de tempo que non exceda do 31 de decembro de 2005, unha serie de actividades centradas por unha banda nas que desenvolve o centro xuvenil Abertal e por outra, actividades de complemento de aquelas supervisadas por educadores cualificados.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da exclusión social, en particular no canto a prevención e tratamento da violencia, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.

A Asociación Xuvenil Abertal, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisa-lo cumprimento das fins do proxecto, e facilita-la realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto os menores que conforman o grupo de risco determinado polo equipo de intervención do programa de infancia e familia e que polas súas características especiais precisan dun maior apoio.

Quinta : Duración - terá vixencia durante o ano 2005, ata o 31 de decembro dese ano.

Sexta : Condicións económicas - as condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 16.000 (dezaseis mil) euros. Serán con cargo á partida de Benestar Social 3130.226.08.06 ou á súa bolsa de vinculación correspondente.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - a sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

A Asociación Xuvenil Abertal, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.

Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación Xuvenil Abertal, comprométese a:

a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións que se especifican no anexo, (discutidos previamente por persoal técnico das entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e segundo se especifica no anexo.

d - Presentar ó Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Aterse ás datas e condicións marcadas nos anexos.

k - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

l – Incluí-lo escudo e imaxe do Concello de Vigo en toda publicidade ou documentación relacionada con este proxecto.

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a – Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.

b – Articula-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.

c – Dispo-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, a Asociación Xuvenil Abertal, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.

Así mesmo, por acordo expreso das partes asinates do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.

Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De se-la Asociación Xuvenil Abertal a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 16.000 (dezaseis mil) euros, con cargo á partida de Benestar Social 3130.226.08.06, Programa de menores – Convenio Infancia, ou a súa bolsa de vinculación, que cubrirán os custos do proxecto.

Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respecta ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.

Vixésima – Con referencia ó pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora aboará á entidade prestadora do servizo (Asociación Xuvenil Abertal) unha cantidade inicial de 8.000 (oito mil) euros, tras da asinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das accións.

O resto do importe da cantidade presupostada, será abonado en dous prazos.

O correspondente ó segundo pago de 4.000 (catro mil) euros, será tramitado unha vez que se teñan desenvolvido, cando menos, o 50% das accións propias do proxecto, debendo ser certificado polo responsable técnico municipal encargado do proxecto.

O terceiro e derradeiro pago da cantidade restante, 4.000 (catro mil) euros, será tramitado unha vez sexa certificado polo responsable técnico municipal a realización do proxecto.

Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Asociación Xuvenil Abertal) ó Concello de Vigo, ó persoal técnico designado como responsable do proxecto.

Vixencia:

Vixésimosegunda - O presente convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2005.

De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.

Así mesmo, e como aparece recollido na cláusula decimocuarta, por acordo expreso das partes asinates do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha Addenda anexa.

Acordo final:

Vixésimoterceira - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Xuvenil Abertal, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos asinantes a traveso da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sen que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sen que sexa preciso a asinatura dun novo convenio, excepto no especificado na cláusula vixésimosegunda.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil cinco.

5(530).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs 21/797, 21/938,03/840/05,03/061/301,4/899,14/431,11/210,4/988 E 4/1006.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes proposta do Xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Pilar Alonso Costas. Expte. 21/797.
- D^a Estrella González Pérez. Expte. 21/938.
- D. Armando Tomé Fernández. Expte. 3/840.
- D^a Manuela Ares Varela. Expte. 3/061.

- D^a Valentina González Falque. Expte. 4/899.
- D^a Teresa Esteban Campomanes. Expte. 14/431.
- D. Teodoro Rias Portela. Expte. 11/210.
- D^a Carmen Lorenzo Fernández. Expte. 4/1006.
- D^a Lucila Rubio Hernández. Expte. 4/988.

6(531).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A SOCIEDAD DEPORTIVA TEUCRO E O COMITÉ ORGANIZADOR DA 30 COPA S.M. O REI DE BALONMÁN. EXPTE. 5274/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.05.05 e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD, do 25.04.05, conformado pola concelleira da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto do convenio que se adopte entre o Concello de Vigo e a Sociedade Deportiva Teucro, que de seguido se transcribe.

2.- Autorizar e dispoñer o gasto de 9.000 euros a favor da entidade Sociedade Deportiva Teucro, pola organización do partido de cuartos de final da “XXX COPA S.M.O REI DE BALONMÁN 2004-2005” este gasto irá con cargo á partida 4521.226.08.00 “Organización de Actividades Deportivas”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DEPORTIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A SOCIEDADE DEPORTIVA TEUCRO E O COMITÉ ORGANIZADOR DA 30 COPA S.M. O REI DE BALONMÁN 2004-2005

Vigo, de de dous mil cinco

DUNHA PARTE: A Excm. Sra. Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

DOUTRA PARTE: D. Evaristo Estevez Vila, co DNI 35299330-B en nome e representación da Sociedade Deportiva Teucro co CIF: G-36041978, da que é presidente, así como coordinador ASOBAL para a organización da “XXX Copa de S.M. o Rei 2004-2005 de Balonmán”.

Tódalas partes recoñecen mutuamente a súa capacidade e competencia para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

Que o Concello de Vigo considera necesaria para a cidade o desenvolvemento dos cuartos de final da XXX Copa de S.M. o Rei de Balonmán e non tendo capacidade organizativa para este evento é polo que se asina este convenio de colaboración en materia deportiva.

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: O comité organizador da “XXX Copa de S.M. o Rei de Balonmán 2004-2005” designa ó Concello de Vigo como sede dos cuartos de final desta competición.

SEGUNDA: A Concellería de Deportes designara un membro para formar parte do Comité Organizador.

TERCEIRA: O Comité Organizador, unha vez celebrado o sorteo da Copa do Rei, designara o encontro de cuartos de final que se desenvolverá en Vigo, o mércores día 25.05.05 (ou o xoves 26.05.05) ou noutro día se as circunstancias o establecen.

CUARTA: O Concello de Vigo porá unha instalación deportiva para a celebración do partido de cuartos de final da Copa do Rei e que deba cumprir os requisitos fixados por ASOBAL para o desenvolvemento de dito partido.

QUINTA: Corresponden a ASOBAL todas as accións publicitarias ou de patrocinio, así como os dereitos televisivos. Se o partido fose retransmitido por televisión o Concello de Vigo facilitará as labores de instalación e retransmisión, atendendo ós requirimentos do operador de televisión.

SEXTA: O Concello de Vigo recibira sen cargo as seguintes entradas:

.-Para o Comité organizador : 100 localidades en zona de invitados (zona palco de autoridades).

.-Para os equipos participantes: 30 entradas para cada equipo, as entradas corresponderan a zona de publico.

A S.D. Teucro encargara o Club Balonmán Octavio a xestión e venda de localidades, como contraprestación á colaboración na organización deste evento.

SÉTIMA: O Concello de Vigo aboara a entidade Sociedade Deportiva Teucro a cantidade de 9.000 euros pola organización dese evento deportivo “Cuartos de Final da XXX Copa de S.M. o Rei de Balonmán 2004-2005) o importe abonarase trala certificación do técnico de servizo de deportes de que a actividade foi desenvolvida.

Este gasto irá con cargo á partida 4521.226.08.00 “organización actividades deportivas” do orzamento de 2005.

OITAVA: A Concellería de Deportes aportara os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

NOVENA: Este convenio é única e exclusivamente para a realización do encontro dos cuartos de final da XXX Copa de S.M. o Rei de Balonmán 2004-2005.

Así o conveñen no lugar e data indicado no encabezado.

7(532).- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA CONTRATAR POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2005. EXPTE. 3150/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, do 3.05.05, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

A orde que regula os Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Entidades Locais (Orde do 28 de xaneiro de 2005), pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas, para o exercicio do ano 2005, da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 15º os requisitos e criterios para a selección dos/as traballadores/as para contratar que aplicará o Servizo Público de Emprego (SPE), da Xunta de Galicia, nas súas sondaxes.

Complementariamente ao procedemento establecido para o envío de candidatos/as é preciso agora establecer o procedemento a seguir para a selección definitiva de traballadores/as por parte do Concello, ante a prevista inminencia de recibir Resolucións aprobatorias de subvención para a execución daquelas memorias que finalmente a Xunta de Galicia aprobe.

Unha vez remitidos/as os/as candidatos/as para cada praza por parte do Servizo Público de Emprego, de acordo coa oferta de emprego presentada e seguindo os criterios establecidos na citada orde, constituirase unha Comisión de encargada da selección definitiva dos/as traballadores/as. Esta Comisión de Selección estará formada polas seguintes persoas:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- Concelleiro/a do departamento municipal responsable da execución de cada memoria, ou persoa en quen delegue.
- Un/unha técnico/a do departamento de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeado/a pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que actuará como Secretario/a.
- Un/unha técnico/a do servizo ou departamento municipal encargado da execución de cada memoria, nomeado/a polo seu respectivo concelleiro/a delegado/a.
- Un/unha representante da parte social do Acordo sobre as condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o 7 de xuño de 2004, segundo o estipulado no seu artigo 18º.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo de traballadores/as a contratar para cada ún dos proxectos, así como os/as suplentes para cada praza. Nesta valoración teranse en conta os seguintes criterios:

- Formación complementaria adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005).

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3
De 200 a 299	0.4
300 ou máis	0.5

- ❑ Experiencia profesional (relacionada co posto de traballo e dentro do mesmo grupo de cotización), puntuarase ata un máximo de 3 puntos (0,1 por mes traballado).
- ❑ As probas específicas e/ou entrevista persoal, de realizarse, puntuaranse ata un máximo de 5 puntos.
- ❑ Outros méritos, valoraranse ata un máximo de 1 punto.

Ademais, a Comisión, tendo en conta a filosofía do programa, será sensible a diferentes criterios de ocupabilidade como poden ser:

- ❑ Idade

Entre 40 e 44 anos	0,1 puntos
De 45 e 49 anos	0,2 puntos
De 50 a 54 anos	0,3 puntos
De 55 a 59 anos	0,4 puntos
Maior de 60 anos	0,5 puntos

- ❑ Antigüidade no desemprego (máximo 3 puntos)
0,1 puntos por cada mes en desemprego, segundo vida laboral, contado o tempo en desemprego a partir do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou máis (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).
- ❑ Na medida das posibilidades e tendo en conta os obxectivos do Plan municipal de emprego 2004-2007, tentarase dar prioridade na selección ás mulleres vítimas de violencia doméstica, que así o acrediten, e a discapacitados/as, sempre que a súa discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo.

Poderán terse en conta os informes negativos remitidos por técnicos/as municipais sobre a actitude/comportamento de determinadas persoas en contratos anteriores.

Así, vista a documentación que obra no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobado o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo para o ano 2005.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo para o ano 2005.

8(533).- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA CONTRATAR POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PROGRAMA LABORA: XUVENTUDE CON EXPERIENCIA PARA O ANO 2005. EXPTE. 3149/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, do 3.05.05, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

A orde que regula o Programa LABORA: Xuventude con Experiencia para o ano 2005 (Orde do 27 de xaneiro de 2005), pola que se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para a contratación, por parte das entidades locais, de traballadores/as desempregados/as beneficiarios/as deste programa e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 14º os requisitos e criterios para a selección dos/as traballadores/as para contratar que aplicará o Servizo Público de Emprego (SPE) da Xunta de Galicia nas súas sondaxes.

Complementariamente ao procedemento establecido para o envío de candidatos/as ao Concello de Vigo é preciso agora establecer o procedemento a seguir para a selección definitiva de traballadores/as por parte do Concello, ante a prevista inminencia de recibir as Resolucións aprobatorias de subvención para a execución daquelas memorias que finalmente a Xunta de Galicia aprobe.

Unha vez remitidos/as os/as candidatos/as por praza por parte do Servizo Público de Emprego, de acordo coa oferta de emprego presentada e seguindo os criterios establecidos na citada orde, constituirase unha Comisión encargada da selección definitiva dos/as traballadores/as. Esta Comisión de Selección estará formada polas seguintes persoas:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.*
- Concelleiro/a do departamento municipal responsable da execución de cada memoria, ou persoa en quen delegue.*
- Un/unha técnico/a da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeado/a pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que actuará como Secretario/a.*
- Un/unha técnico/a do servizo ou departamento municipal encargado da execución de cada memoria, nomeado/a polo seu respectivo concelleiro/a delegado/a.*
- Un/unha representante da parte social do Acordo sobre as condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o 7 de xuño de 2004, segundo o estipulado no seu artigo 18º.*

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo de traballadores/as a contratar para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada praza. Dada a filosofía do programa, nesta valoración teranse en conta, ademais da preferencia polos/as candidatos/as con residencia en Vigo, os seguintes criterios:

- Formación complementaria adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005):*

<i>Horas lectivas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>De 20 a 49</i>	<i>0.1</i>
<i>De 50 a 99</i>	<i>0.2</i>
<i>De 100 a 199</i>	<i>0.3</i>
<i>De 200 a 299</i>	<i>0.4</i>
<i>300 ou máis</i>	<i>0.5</i>

- Bolsas/prácticas/colaboracións relacionadas co posto de traballo, puntuaranse ata un máximo de 3 puntos:
 - Duración especificada en horas: igual que a formación complementaria.
 - Duración especificada en meses: 0,1 por mes.

- Outros méritos relacionados co posto de traballo (outras titulacións relacionadas, publicacións, etc.) puntuaranse ata un máximo de 1 punto.

- As probas específicas e/ou entrevista persoal, de realizarse, puntuaranse ata un máximo de 5 puntos.

- *Na medida das posibilidades e tendo en conta os obxectivos do Plan municipal de emprego 2004-2007, tentarase dar prioridade na selección ás mulleres vítimas de violencia doméstica, que así o acrediten, e a discapacitados/as, sempre que a súa discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo.*

Así, vista a documentación que obra no expediente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. *Aprobar o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco do Programa LABORA: Xuventude con experiencia, para o ano 2005.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco do Programa LABORA: Xuventude con experiencia, para o ano 2005.

9(534).- BASES DO “VI ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO” EXPTE. 1513/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 12.05.05, conformado polo concelleiro de dito servizo e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, para o VI Ensalzamento do Traxe galego que se celebrará o día 18 de xuño na praza do Berbés.

BASES DO VI ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO.

1. *A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, en colaboración con El Corte Inglés e a Escola Municipal de Danza, organiza o “VI Ensalzamento do traxe galego”, que terá lugar o sábado día 18 de xuño de 2005, a partir das 21’00 horas, na praza do Berbés.*

2. *Poderán participar neste evento cantas persoas o desexen; para tomar parte no concurso e optar aos premios deberán cubrir a solicitude de inscrición que poderán recoller e presentar persoalmente, ou ben por fax, na*

secretaría da Escola Municipal de Danza (Casa do Concello, soto 1º, teléfono 986.81.01. 67; fax 986.81.01.67 ou 986.22.16.66).

Nesta solicitude deberán sinalar os seguintes datos: nome, apelidos e enderezo da persoa que mostre o traxe; se este é antigo ou moderno, de gala ou decotío; comarca de procedencia e época á que pertence. No apartado de “observacións” consignaranse o maior número de datos aclaratorios posibles para unha mellor identificación, así como os elementos que compoñen o traxe.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará ás 14'00 horas do día 16 de xuño; non se admitirá ningunha solicitude recibida con posterioridade á hora e data indicadas, calquera que sexa o motivo do retraso.
4. Todos os traxes feitos na actualidade deberán inscribirse como “Traxe moderno”, e será imprescindible que garden o canon do traxe antigo. Pola súa banda, os traxes antigos deberán presentar como tales, con referencia detallada aos seus antecedentes e procedencia. Calquera que sexa o traxe, antigo ou moderno, os seus adornos haberán de ser de cristal, acibeche ou cera vidrada, os agremáns ou pasamanerías de fió, seda ou algodón, e no seu feitío axeitaranse aos patróns tradicionais.
5. Será condición imprescindible que todas as pezas que compoñen o traxe en exhibición formen un conxunto completo e homoxéneo. Non poderán combinarse pezas de distinta comarca.
6. O xurado, no momento da súa deliberación, terá moi en conta a calidade e autenticidade do traxe e de cada unha das pezas que o compoñen e mais os restantes elementos da indumentaria, incluídos calzado, adobíos, peiteado, etc.
7. O xurado do concurso estará presidido polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e composto por catro persoas vinculadas ao mundo da cultura tradicional galega. Un técnico/a do Concello de Vigo actuará como secretario/a con voz e sen voto. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.
8. O xurado examinará os traxes inscritos para o concurso o sábado día 18 de xuño, ás 17'30 horas, no auditorio da Casa do Concello. Posteriormente, concentraranse ás 19'30 horas na praza do Rei, para desfilar a partir das 20'00 horas polas rúas que lles indique a organización. Unha vez chegados á praza do Berbés, darase a coñecer o veredicto do xurado e realizarase a entrega de premios.
9. Os premios establecidos para o concurso por categorías serán os seguintes:

PREMIO TRAXE ANTIGO

Home: 230.-€.

Muller: 230.-€

PREMIO TRAXE DECOTÍO

Home: 230.-€

Muller: 230.-€

PREMIO TRAXE MODERNO

Home:

1º premio: 230.-€

Muller:

1º premio: 230.-€
Neno:
1º premio:agasallo.
Nena:
1º premio:agasallo.

No apartado de nenos/as para os traxes modernos poderán participar os/as menores de 16 anos; no de mulleres e homes en todas as categorías, a partir dos 17 anos.

PREMIO ESPECIAL de 310 €, para o grupo que seleccione o xurado de entre os formados por máis de 10 persoas, que se inscriban como asociación, grupo folclórico ou similar, e que ningún dos seus membros estea inscrito no concurso de xeito individual.

Os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que sexa de aplicación.

Todos os participantes no desfile polas rúas do percorrido recibirán un diploma de participación; pola súa banda, todos os que tomen parte no concurso serán obsequiados pola organización cun agasallo.

10. A inscrición no concurso supón a aceptación plena das presentes bases; así mesmo, o veredicto do xurado será inapelable.
11. O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e mais o xurado quedan facultados para resolver as posibles controversias ou dúbidas que poidan xurdir na interpretación das presentes bases, así como para tomar iniciativas que contribúan ao bo desenvolvemento do concurso.

10(535).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NO MES DE ABRIL DE 2005.EXPTE. 1514/335.

De conformidade co establecido na base 31ª das Bases de execución do presuposto xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, mediante providencia de data 13.05.05, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de abril de 2005, que son os seguintes:

EXPTE. 1488/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DERIVADOS DE MANTEMENTOS E REPARACIÓNS DO AUDITORIO DO PARQUE MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-04-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 17143

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1496/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS POR SERVIZOS DE MENSAXERÍA, COMUNICACIÓN OU CORREO POSTAL DA CONCELLARÍA DE FESTAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 29-04-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 21568

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 400,00 €

EXPTE. 1495/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO PARA DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DAS BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, 2005: "VIGO, UN MAR DE BANDAS".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 29-04-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 19512

ADXUDICATARIO: GRÁFICAS EZPONDA, S.L.

IMPORTE: 1.250,00 €

EXPTE. 1479/335. MODIFICACIÓN DECRETO DE DATA 23-03-05 RELATIVO Á CONTRATACIÓN SERVIZOS DE TRANSPORTE E VIXIANZA DOS POSTOS DE VENDA-EXPOSICIÓN DA RECONQUISTA 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 01-04-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 13983

ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALÍN

IMPORTE: 1.566,00 €

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 13984

ADXUDICATARIO: SECURITAS SEGURIDADE ESPAÑA, S.A.

IMPORTE: 1.003,00 €

EXPTE. 1493/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE MEGAFONÍA PARA O "DÍA DA MUIÑEIRA 2005".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 20-04-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 18913

ADXUDICATARIO: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA

IMPORTE: 643,80 €

EXPTE. 1494/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE PRODUCCIÓN DAS ACTUACIÓNS DAS BANDAS DE MÚSICA POPULARES EN MONTERO RÍOS E PAZO DE CASTRELOS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 29-04-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 19478

ADXUDICATARIO: PRODUCCIONES ARTÍSTICAS BOXER, S.L.

IMPORTE: 3.831,14 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(536).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROMOCIONES JOSÉ MANUEL ESTÉVEZ S.L. CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA EN PI Y MARGALL, 49. EXPTE. 70985/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 11.05.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 16 de abril de 2002 por PROMOCIONES JOSE MANUEL ESTEVEZ, S.L, con CIF B-36759637, por un importe de 600 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PI Y MARGALL, 49, por non producirse danos.

12(537).-DEVOLUCIÓN DE AVAL A SANLUSA SANTIAGO S.L. CONSTITUÍDO CON MOTIVO DA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA E GARCÍA BARBÓN, 48. EXPTE. 70987/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 11.05.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de febreiro de 2005 por SANLUSA SANTIAGO, S.L, con CIF B-15150311, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa GARCÍA BARBÓN, 48, por non producirse danos.

13(538).- SOLICITUDE DA COMISIÓN DE FESTAS STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “FESTA DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS” EN VALADARES, OS DÍAS 4,5 E 6 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 70975/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 10.05.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á COMISIÓN DE FESTAS DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS, os vindeiros 4, 5 e 6 de xuño de 2005 en Valadares, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa do Stmo. Cristo dos Afrixidos.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

14(539).-SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “A NOSA TERRA” DE ALCABRE PARA FINANCIAR O ALUGAMENTO DO LOCAL SOCIO-CULTURAL. EXPTE 2473/320

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación Cidadá, do 4.05.05, conformado pola delegado do Goberno da Área de Participación Cidadá e pola interventora xeral, que di o seguinte:

1º.- O Concello de Vigo a través da Concellería de Participación Cidadá e dentro das medidas de fomento do asociacionismo, e como complemento da súa propia actividade, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a todas as asociacións veciñais do termo municipal, que lles permita dispor dun elemento básico referencial e aglutinador da súa vida socio-cultural, acometendo directamente a construción de locais e a súa posterior cesión ou financiando o alugamento vía subvención, ou ben directamente mediante transferencia de capital naqueles supostos nos que sexa imposible acadar outro xeito de levar a cabo esta prestación.

2º.- Un exemplo do anterior o constitúe a parroquia de Alcabre, cunha poboación preto de 3.052 habitantes e cunha carencia total de equipamentos cívicos e sociocomunitarios; o que se tratará de paliar en breve prazo mentres non se executen as obras de rehabilitación integral da antiga casa Rectoral, cedida en uso a devandita asociación por acordo do Pleno do Concello de data 27.05.02.

3º.- Por acordo da Comisión de Goberno de data 5 de febreiro do ano 99, concedeuse unha subvención con destino ó pagamento do aluguer do local social, da Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre, renovándose o outorgamento de subvención, por acordo da Comisión de Goberno de datas 11.06.01, 15.04.02, 05.05.03 e 31.05.04.

4º.- Por escrito da data de entrada no Rexistro Xeral de 20.04.05 (doc. 50101447), a Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre, solicita subvención para o ano 2005, polo importe total de 2.885€, que permita transitoriamente paliar as anteriores carencias, propoñendo o alugamento dun local na rúa Roade, 6 da parroquia de Alcabre.

5º.- A devandita asociación de veciños atópase inscrita no Rexistro municipal de asociacións co número 47/88, coa súa documentación actualizada, e igualmente segundo certificación da Tesourería municipal de data 13.04.05, que se achega ó expediente, non ten débedas pendentes con este Concello.

6º.- Conforme o estipulado pola disposición transitoria segunda da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, a actual axuda regularase pola normativa vixente do Regulamento de subvencións aprobado por acordo plenario de

data 30.11.88 e 30.03.89 o cal resultará de aplicación en todo o que non contradiga o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004 e Bases de Execución do Presuposto do Concello de Vigo.

Por todo isto, e de conformidade co establecido na lexislación vixente, Regulamento de Facendas locais e normativa complementaria, proponse á Xunta de Goberno local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

“Conceder á Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre, CIF.G-36649374, unha subvención pola contía de 2.885 € pagadoira en doce mensualidades vencidas de 240,42€, para financiar o custo do aluguer do local socio-cultural da citada asociación veciñal para o ano 2005, con cargo á partida 4631.489.00.05 do vixente orzamento”.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda conceder á Asociación de Veciños “A Nosa Terra” de Alcabre, CIF.G-36649374, unha subvención pola contía de 2.885 € pagadoira en doce mensualidades vencidas de 240,42€, para financiar o custo do aluguer do local socio-cultural da citada asociación veciñal para o ano 2005, con cargo á partida 4631.489.00.05 do vixente orzamento.

15(540).-REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA DAR DE ALTA NO PADRÓN DO IBI, EDIFICACIÓNS OMITIDAS OU RECTIFICADAS DE MODO ERRÓNEO OU INCOMPLETO ADXUDICADO A SANTIAGO CUCART, S.L. E LONGO ANSA Y ASOCIADOS,S.L. EXPTE 201/500

A Xunta de Goberno local acorda retirar o expediente da orde do día.

16(541).-PRÓRROGA DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS ADXUDICADO A SERVICIOS MEDIAMBIENTAIS FORSAI S.L. EXPTE2527/306

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación, do 27.04.05, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 26-07-2004 acordou contratar con Servizos Medioambientales Forsai, S.L. a prestación do servizo de colaboración en materia de loita contra lumes forestais.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexeu a contratación establecíase a posibilidade de prorroga-lo contrato no ano 2005.

O técnico supervisor de Medio Ambiente propón a prorroga do actual contrato, propoñendo como importe inicial da prorroga a cantidade de 30.050,61 euros, que tal e como se prevía no prego e condicións (cláusula 5) poderá ser aumentada no caso de que se formalice o convenio coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a colaboración na loita de lumes forestais.

O gasto pode imputarse á partida 4450.227.06.03. do presuposto vixente

A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 15.07.2005 e o 19.08.2005 do contrato de prestación do servizo de colaboración en materia de loita contra lumes forestais adxudicado a Servicios Medioambientais Forsai, S.L. por acordo da Xunta de Goberno de 26.07.2004

De acordo co estipulado na cláusula 5 do prego de cláusula administrativas que rexeu a contratación, o prazo de finalización do contrato poderá ampliarse se o concello asina o convenio coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a colaboración na loita de lumes forestais e en función da cantidade aportada por dita Consellería.

Acordo

A Xunta de Goberno local autoriza a prórroga de conformidade coa a proposta contida no precedente informe.

17(542).-LISTA DE FORMADORES DO PROGRAMA A IMPARTIR DENTRO DO CONVENIO EGAP-CONCELLO DE VIGO. EXPTE 15768/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.05.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Facenda, que di o seguinte:

Na sesión da Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2005, aprobouse o proxecto de convenio entre a EGAP e o Concello de Vigo para a realización de accións formativas para o persoal municipal, correspondente ao ano 2005, asinado con data 2 de maio de 2005, instrumentándose a conseguinte modificación de orzamentos, (xeneración de crédito) polo importe de 6.000.00 €.

A Comisión de Formación, perfeccionamento e especialización (COPFE) deste Concello, na súa reunión de data 25 de abril de 2005, aprobou os programas e profesorado a impartir dentro do convenio entre a EGAP e este concello dos seguintes cursos:

- ◆ **PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO AVANZADO.**
Formador: D. Gustavo R Bartol, Funcionario do Concello de Vigo
N de horas: 20
Importe : 1600 €
- ◆ **PROCEDIMENTO ADTVO LOCAL.**
Formador:D . Gustavo R Bartol, Funcionario do Concello de Vigo
N de horas: 20
Importe : 1600 €
- ◆ **CONTRATACIÓN NAS ADMINISTRACIÓNS PUBLICAS.**
Formador:D. Jose M Vieites Alen, Funcionario do Concello de Vigo

- N de horas: 20*
Importe : 1600 €
- ◆ **CURSO BÁSICO DE URBANISMO.**
Formador: D. Francisco Cominges de Caceres, da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo
N de horas: 20
Importe : 1600 €
 - ◆ **NOVIDADES ORGANIZATIVAS E DE FUNCIONAMENTO NA ADMÓN LOCAL.**
Formador: D. Alfonso Ramos Covelo, Funcionario do Concello de Vigo
N de horas: 20
Importe : 1600 €
 - ◆ **ORDENANZAS MUNICIPAIS.**
Formador: D. Gustavo R Bartol, Funcionario do Concello de Vigo
N de horas: 20
Importe : 1600 €
 - ◆ **TALLER DE ELABORACIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA**
Formador: TAGEM ATA
N de horas: 20
Importe: 1900
 - ◆ **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
Formador: D. Juan Antonio Hernandez Corchete. Director Dpto Dereito Publico
N de horas: 20
Importe : 1600 €
 - ◆ **ORGANIZACIÓN DO TRABALLO PERSOAL (DOMINAR O TEMPO E XESTIONAR AS PRIORIDADES)**
Formador: Formatlantico
N de horas: 20
Importe : 1800 €

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local:

1. *Autorizar a tramitación do expediente con suxeición o réxime excepcional de contrato menor por razón de contía (de conformidade co previsto nos artigos 56 en relación co 200 e 201 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, así como o art 245 do Decreto 3410/1995)*
2. *Comprometer o gasto correspondente a honorarios dos profesores e monitores, de acordo coa distribución que se indica.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(543).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA PRÁCTICAS DE ALUMNOS NO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE 1581/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de recursos humanos, do 13.05.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre e a Ilma Alcaldesa do Concello de Vigo e o Excmo Sr Rector Mgfco. da Universidade de Vigo para a regulacion dun programa educativo entre ambas institucións para completar a formación dos alumnos universitarios.

2º.- Todos os gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos íntegramente polo Centro. En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin de danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenvolvemento do mesmo

REUNIDOS

Dunha parte, , Dª Corina Porro Martinez, en calidade de Alcaldesa Presidenta , en virtude de nomeamento plenario de data 13 de decembro de 2003, en representación do Concello de Vigo, con CIF p-3605700-H, e domicilio na Parza do Rei s/n de Vigo

E doutra parte, o Excmo. Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 185/2002, do 27 de maio, publicado no DOG nº 102 de 29 de maio de 2002, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos, publicados no DOG, nº 237 do 5 de decembro de 2003, con domicilio social no Campus de Vigo, Lagoas-Marcosende, código postal 36310 de Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para a celebración deste Convenio de Cooperación Educativa para a realización de prácticas preprofesionais entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, polo que

EXPOÑEN

O interese de ambas as dúas entidades en facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas do Museo Municipal Quiñoens de Leon, a saber: Arte, Historia e arqueoloxía principalmente de Vigo e de Galicia, para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas, preparando a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Con este fin, e ao abeiro do establecido no R.D. 1497/81, sobre programas de cooperación educativa, modificado polo R.D. 1845/94, na Lei orgánica 6/2001 de universidades e disposicións complementarias, acordan establecer un convenio de cooperación educativa sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO PROGRAMA

O obxecto deste convenio é a regulación dun programa de prácticas preprofesionais entre a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo para facilitar a preparación para o exercicio profesional dos estudantes en áreas operativas do Museo Municipal Quiñoens de Leon, a saber: Arte, Historia e arqueoloxía principalmente de Vigo e de Galicia , relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados/as universitarios.

SEGUNDA. CENTROS AFECTADOS

Este programa estará dirixido ao alumnado das escolas ou facultades da Universidade de Vigo.

TERCEIRA. COMISIÓN PARITARIA

En cada un dos centros participantes nestes programas existirá unha comisión paritaria de relacións universidade-empresa, na que haberá un rexistro onde se inscribirá o estudantado interesado en formar parte nos programas.

Esta comisión estará integrada por dous membros de cada entidade, onde constarán obrigadamente os titores/as de prácticas nomeados polo centro e mais pola empresa.

A comisión celebrará as reunións que considere oportunas para avaliar o progreso formativo do estudantado e resolver as cuestións que xurdan no desenvolvemento dos programas, e, como mínimo, ao comezo e ao remate do período de prácticas.

Para a regulación dos aspectos non especificados neste convenio e que poidan afectar ao desenvolvemento das prácticas preprofesionais, ambas as partes poden crear un procedemento onde se especifiquen estas cuestións.

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN

Para poder optar á convocatoria, cada estudante deberá atoparse nalgún dos seguintes supostos:

- *Estar matriculado nalgunha das facultades ou escolas da Universidade de Vigo e ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario.*
- *No caso de ensinanzas con planos de estudo anteriores á data de implantación dos novos plans, artigo 28.1 da Lei orgánica 11/1983 do 25 de agosto, deberá estar matriculado/a nos dous últimos cursos (ben sexa curso completo ou disciplinas soltas).*
- *Estar elaborando o proxecto fin de carreira.*

A Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE) realizará unha convocatoria pública nos centros universitarios afectados na que se indicará o número de estudantes de prácticas e as condicións da práctica preprofesional.

A preselección do estudante en prácticas será realizada pola Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE), co obxecto de garantir os requisitos legais que a normativa reguladora deste Convenio establece.

A selección do estudante en prácticas será realizada a cargo da empresa ou a cargo dunha comisión mixta, se a empresa o solicita, formada por representantes das dúas entidades que asinan este convenio.

QUINTA. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS

A tramitación, xestión e difusión das prácticas preprofesionais será responsabilidade da Fundación Universidade de Vigo (FUVI), a través da Oficina de Orientación ao Emprego (OFOE).

SEXTA. PROGRAMA DE PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS

O programa de prácticas preprofesionais no Museo cumprirá as seguintes características:

- A duración das prácticas axustarase á lexislación vixente e á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade, establecendose , non obstante , un mínimo de 150h de prácticas para un período continuado de tres meses e un máximo de 300 para o mesmo período.*
- O horario de prácticas procurará, en todos os casos, a adaptación cos horarios lectivos para que o alumnado teña as maiores facilidades na súa práctica preprofesional e na continuación dos seus estudos, de xeito que os días que o alumno/a teña que realizar algún exame na Universidade de Vigo, co aviso previo e xustificación da súa realización a posteriori ante o museo, quede exento das prácticas dese día.*
- Na realización das prácticas poderanse establecer quendas rotativas co obxecto de que o alumnado poida coñecer máis dunha área do Museo.*
- O Convenio de Cooperación Educativa poderá asinarse ao longo do curso académico, no transcurso do cal o Concello, poderá ofrecer prácticas preprofesionais.*

SÉTIMA. AXUDAS PARA AS PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS

O Concello de Vigo poderá conceder a cada alumno/a seleccionado unha bolsa mensual para a realización de prácticas preprofesionais, axustándose á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade.

OITAVA. SEGURO

A Universidade de Vigo subscribiu un seguro complementario ao seguro escolar. O risco que ampara é o de accidentes, entendendo como accidente a lesión corporal derivada dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do asegurado/a. A Universidade deberá facer entrega o Concello de Vigo, copia do mesmo o documento que o certifique convenientemente , antes do inicio do período de prácticas

NOVENA. DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO

As condicións que desenvolven este convenio están suxeitas a uns mínimos, establecidos pola Universidade de Vigo, que se especificarán en cada convocatoria e na normativa complementaria en vigor, desenvolvida por esta universidade, e que previamente será dada a coñecer á empresa ou entidade.

DÉCIMA. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

Este convenio non supón gasto ningún nin para o Concello de Vigo nin para a Universidade de Vigo, razón pola que non se precisa consignación orzamentaria.

DÉCIMO PRIMEIRA. CERTIFICADOS

Ao final do período de prácticas, logo do pedimento do estudante, expedirase unha certificación individual, asinada conxuntamente polas dúas entidades, con mención expresa da(s) especialidade(s) ou área(s) onde se desenvolveu a práctica preprofesional e as tarefas realizadas.

Igualmente, os profesionais que participen neste labor como titores/as terán a consideración de colaboradores/as nos programas de cooperación educativa e poderán obter o certificado correspondente se o solicitan expresamente.

DÉCIMO SEGUNDA. DISPOSICIÓN COMÚN

De conformidade co establecido na normativa en que se fundamenta este Convenio de Cooperación Educativa, o período de prácticas non constitúe, baixo ningún concepto, relación laboral entre o alumnado e o Concello de Vigo nin coa Universidade de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA. FINAL

Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración dun ano, prorrogándose automaticamente por igual período de tempo, salvo que algunha das partes o denuncie, cunha antelación mínima dun mes, á data do seu vencemento.

Por circunstancias especiais e xustificadas, que fixesen difícil a continuación do período de prácticas, o Concello de Vigo estará facultada para anular ou suspender o compromiso adquirido neste convenio de cooperación educativa en calquera momento do período de estadía de prácticas preprofesionais.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente Convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltas na comisión mixta, someteranse á resolución dun procedemento arbitral.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio en exemplar triplicado no lugar e data indicados ao comezo.

19(544).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2005. EXPTE 15758/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ao persoal adscrito ao Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de ABRIL-2005 e que ascenden a un total 573 € (CINCOCENTOS SESENTA E TRES EUROS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓN.

20(545).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. ANGEL POSADA OITAVÉN POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL - 1º TRIMESTRE 2005. EXPTE 11229/444

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade polos servicios prestados por don Angel Posada Oitavén (nº persoal 14516) aboarase por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 180 € (CENTO OITENTA EUROS), correspondentes o 1º TRIMESTRE do ano 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

21(546).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS DO PARQUE CENTRAL, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2005. EXPTE 15759/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do servicio de Vías e Obras, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Carlos Iglesias Ferreira e remata por dona M^a Nieves Quinteiro Vázquez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de ABRIL-2005, e que ascenden a un total de 582'90 € (CINCOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(547).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2005. EXPTE 15757/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación polos servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servicio de cemiterios e rematan por don Jesús Castro Naveiras do Museo de CastrelosOgo, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 72.224'19 € (SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS VINTECATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de ABRIL de 2005.

23(548).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS DO PARQUE CENTRAL, CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO 2005. EXPTE 15756/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Carlos Iglesias Ferreira e remata por dona M^a Nieves Quinteiro Vázquez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de MARZO-2005, e que ascenden a un total de 475'70 € (CATROCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(549).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2005. EXPTE 15755/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de Gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de ABRIL-2005, e que ascenden a un total de 598'24 € (CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

25(550).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2005. EXPTE 15754/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de ABRIL-2005, e que ascenden a un total de 1.169'15 € (MIL CENTO SESENTA E NOVE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

26(551).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POLOS SERVIZOS PRESTADOS COMO PALISTAS, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2005. EXPTE 15753/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade polos servizos prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar ao persoal que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don Antonio Gil González e que ascende a un total de 41'80 € (COARENTA E UN EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS), correspondente o mes de ABRIL de 2005 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

27(552).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SIN SER OFICIAIS CONDUCTORES, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2005. EXPTE 15752/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 9.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal de Montes, Parques e Xardíns que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e rematan por don José Antonio Lodeiro Covelo, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles no expediente, por un importe total de 499'20 € (CATROCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º TRIMESTRE de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

28(553).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO I CIRCUITO INTERNACIONAL BENETEAU 25. EXPTE. 1637/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.05.05 e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio e o director deportivo do IMD, do 25.04.05, conformado pola concelleira de Turismo e Deportes e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que se achega no expediente entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, para a organización do I Circuito Internacional Beneteau 25, que se desenvolverá na Ría de Vigo dende o mes de maio ó mes de novembro de 2005, segundo o calendario que se especifica no texto de colaboración.

2.- Autorizar e dispor o gasto de 24.000€ (IVE incluído) a favor do Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752, pola organización do I Circuito Internacional Beneteau 25 durante o ano 2005, con cargo á partida 4510 226.08.00, “Organización de Actividades Deportivas”, do presuposto actualmente en vigor.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O REAL CLUB NAÚTICO DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO I CIRCUITO INTERNACIONAL BENETEAU 25 “TURISMO DE VIGO-VIGO 05”.

Vigo, de 2005.

Por unha parte, o Excmo. Concello de Vigo, actuando no seu nome e representación e no exercicio do seu cargo, a súa Ilma. Alcaldesa, D^a Corina Porro Martínez, ó abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Por outra, o Real Club Náutico de Vigo, actuando no seu nome e representación e no exercicio do seu cargo, o Presidente da entidade, D. Franco Cobas González, ó abeiro do seu nomeamento como Presidente da entidade de data 5 de novembro de 2004.

Ámbalas partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

As Concellerías de Turismo e Deportes veñen apostando polo turismo náutico como un produto fundamental para o desenvolvemento da política turística e deportiva do Concello de Vigo, dada a riqueza natural e o enorme potencial dos recursos turísticos vencellados ó mar que posúe a cidade.

Este ano, Vigo estará no punto de mira da prensa nacional e internacional, así como dos profesionais e amantes dos deportes náuticos e máis concretamente da vela, xa que será porto de saída da Volvo Ocean Race.

SEGUNDO.-

As Concellerías de Turismo e Deportes farán un especial fincapé na promoción de eventos que teñan relación co disfrute da nosa Ría e dos deportes náuticos, xa que atrae un público de alto poder adquisitivo, que utilizará os servizos hoteleiros e hosteleiros da cidade fóra do período estival, contribuíndo a desestacionalizar a demanda turística, que se atopa concentrada nos tres meses do verán.

TERCEIRO.-

Dende o punto de vista deportivo se pretende popularizar os deportes náuticos e concretamente a flota Beneteau 25, que ven consolidándose dende hai algún tempo como o monotipo ideal para poder competir de forma áxil cun cruceiro fácilmente transportable.

As últimas regatas celebradas na ría e vigo foron espectaculares e, na actualidade xa existe unha flota no Real Club Náutico de Vigo de 15 embarcacións deste tipo.

Por todo o antedito, as Concellerías de Turismo e Deportes e mailo Real Club Náutico conveñen na necesidade de crear unha flota oficial de BENETEAU 25 e organizar un circuito internacional para a promoción deste deporte na Ría de Vigo.

Dado que o Concello de Vigo non ten capacidade para a organización dun circuito internacional destas características e o Real Club Náutico, sociedade sen ánimo de lucro, conta con medios e recursos necesarios para a organización deste evento, as partes asinan o presente convenio, segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: O Concello de Vigo, a través das súas concellerías de Turismo e Deportes, convén a organización do I CIRCUITO INTERNACIONAL BENETEAU 25 TURISMO DE VIGO-GALICIA 2005.

SEGUNDA: A organización deste circuito correrá a cargo do Real Club Náutico de Vigo, que será o responsable de todos os extremos relativos a convocatorias, loxística, infraestrutura, para o completo desenvolvemento do programa de regatas que conformarán este circuito internacional.

TERCEIRA: O I CIRCUITO INTERNACIONAL BENETEAU 25 “TURISMO DE VIGO-GALICIA 2005”, desenvolverase na Ría de Vigo ó longo do ano 2005, segundo o seguinte calendario:

4 e 5 de xuño	Porto de Vigo
17, 18 e 19 de xuño	Campionato Galego-Canido
23, 24 e 25 de xullo	Porto de Vigo
23, 24 e 25 de setembro	Porto de Vigo
15 e 16 de outubro	Porto de vigo
3, 4, 5 e 6 de novembro	Campionato España Open. Porto de Vigo

CUARTA: No I Circuito Internacional Beneteau 25 participarán un mínimo de 20 embarcacións por regata, agás o Camionato de España, no que participarán, como mínimo, 50 embarcacións.

QUINTA: O Concello de Vigo aportará para a organización a cantidade de 24.000 euros (IVE incluído), que será aboada ó Real Club Náutico de Vigo nun único pagamento unha vez certificado polo técnico correspondente..

Este gasto imputarase á partida 4510 226.08.00 “Organización de Actividades Deportivas”, do presuposto actualmente en vigor do Departamento de Deportes.

SEXTA: O Real club Náutico de Vigo será a entidade encargada de contratar con terceiros todos aqueles servizos e subministros que sexan necesarios para o desenvolvemento do circuito, non existindo ningunha relación contractual entre o Concello de Vigo e as empresas contratadas.

SETIMA: O Real Club Náutico comprométese a notificar ó Concello de Vigo calquera modificación ou alteración do calendario previsto neste convenio, xustificando as causas que dean lugar a dita modificación.

OITAVA: O Concello de Vigo será convocado a todos cantos actos públicos ou rodas de prensa se realicen para a promoción deste evento. Asimesmo, será incluído o logotipo das Concellerías implicadas en todo o material de merchandising e publicitario que se edite co gallo deste circuito.

NOVENA: O Concello de Vigo terá reservada a entrega do premio “Concello de Vigo”, cando menos, na metade deste circuito.

DÉCIMA: As Concellerías de Turismo e Deportes quedan facultadas para solucionar as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio, así como tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA: O presente convenio terá vixencia ata o 30 de decembro de 2005 e non será prorrogable.

E en proba de conformidade, as partes asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio no lugar e data indicados.

29(554).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE. 4487/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, de data 5.05.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data de 19 de novembro de 2003 e número de documento 30101301, don Jose Luis Rodríguez Bello, en representación da Xunta de Compensación do P.E.R.I. II-05 ROCÍO, achegou dous orixinais do PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO P.E.R.I. II-05 ROCÍO, para a súa aprobación. Requirido en data de 17 de decembro de 2.003 para completar a documentación polo enxeñeiro técnico de obras públicas e polo enxeñeiro industrial municipal de electromecánicos, con rexistro de entrada de data de 26 de febreiro de 2004 e número de documento 40019664, don Julio Roberes de Cominges, achega para unir ó expediente o Proxecto de Urbanización redactado polo arquitecto don Alberto de Cominges Molíns e o enxeñeiro don Julio Roberes de Cominges con visado da Demarcación de Galicia do Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos número 021734 de 26 de febreiro de 2.004.

O 22 de marzo de 2.004 o enxeñeiro industrial municipal de electromecánicos informa: "A) Sobre a Instalación: Iluminación pública.-Analizada a documentación correspondente ó proxecto de Iluminación Pública do expediente de referencia; esta Oficina Técnica comunica, que non existe inconveniente en acceder á instalación solicitada. Terase en conta o seguinte:

- Deberán comunicar a este Servizo, o inicio das obras.

- O emprazamento exacto dos puntos de luz definirase conxuntamente cos Técnicos Municipais no Replanteo previo á execución da instalación.
- Os puntos de luz retirados por motivo das obras a realizar deberán ser substituídos por outros provisionais salvo cos Técnicos Municipais non o consideren necesario.
- Antes de proceder á posta en servizo de dita instalación, xirarase inspección á mesma, ó obxecto de comprobar cas obras realizadas, se axustan ó proxecto presentado e están de acordo co Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, na súa instrucción técnica complementaria ITC-BT-09, coa Resolución da Dirección Xeral de Industria de 5 de setembro de 1997 e coa Ordenanza Municipal de Alumeado Público do Concello de Vigo actualizada.

B) Sobre a Instalación: de Gas: Analizada a documentación correspondente ó expediente de referencia; esta Oficina Técnica comunica, que non existe inconveniente en acceder ó solicitado, sempre cas instalacións a realizar segundo o proxecto presentado, cumpran coa normativa vixente o respecto e a Ordenanza Municipal Reguladora da distribución de gas nos proxectos de novas urbanizacións. Terase en conta o seguinte:

- As canalizacións deberán cumprir os requisitos establecidos para as obras a realizar na vía pública.
- As canalizacións deberán axustarse ós planos adxuntos de detalle de entubados soterrados en zonas axardinadas, baixo beirarrúas e baixo calzadas.
- A canalización percorrerá preferentemente pola beirarrúa, debendo sinalarse claramente en superficie a traza mediante placas indicativas, as cales deberán indicar a traza da rede e os cambios de dirección. A interdistancia entre placas non deberá superar en ningún caso os 25 m. O manter en perfecto estado dito sistema de sinalización formará parte do programa de mantemento, vixilancia, inspección e control.
- Os edificios deberán dispoñer dun local de contadores de gas. Así mesmo, deberán incorporar as conduccións necesarias dende a acometida a rede xeral, ata o cadro de contadores. Tanto as dimensións do local de contadores, como a sección das conduccións de gas, deberán estar suficientemente xustificadas.
- Deberán comunicar a este Servizo, o inicio das obras de canalización da rede de gas.
- Unha vez finalizadas as obras, deberán entregar Certificado de Dirección das mesmas nestas oficinas, acompañado dos planos suficientes nos cales se recolla o estado final das canalizacións. Posteriormente xirarase visita de inspección; ó obxecto de comprobar cas instalacións se axustan ó proxecto presentado".

O 31 de marzo de 2.004 o servizo de montes, parques e xardíns, informa o seguinte: "poño no seu coñecemento que estudiado o proxecto de urbanización do P.E.R.I. do Rocío, de data de 26 de febreiro de 2.004, axústase ós criterios deste servizo".

O enxeñeiro xefe de vías e obras o 31 de maio de 2004, informa: "el proyecto prevé una serie de muros de contención de terras de alturas variables. En el Anejo nº 4 se presentan los cálculos de estabilidad para unha altura máxima de 3,50 m. Entendiéndose las dimensiones propuestas de espesores de muro y cimentación uniforme para las zonas de menor altura. Los cálculos realizados en el mencionado anejo son correctos para muros de estructura monolítica, sin embargo de dudosa aplicación a la tipología propuesta. Por tal motivo deberán ejecutarse muros de hormigón armado en alturas superiores a 2.50m. desde la base de cimentación. Asimismo la cimentación deberá ser de hormigón en todo caso. Parte de la superficie de la plaza peatonal se contempla en adoquín, superficie que se considera no adecuada para el tránsito peatonal por experiencias en otras actuaciones realizadas, por lo que deberá proponerse pavimentos con elementos de dimensiones de planta no inferiores a 40 cm.

El proyecto, previamente a su aprobación definitiva, deberá ser informado por los servicios técnicos de al empresa concesionaria de los servicios de Abastecimiento y Saneamiento de Auga <AQUALIA>".

O enxeñeiro técnico de obras públicas, en data 7 de xuño de 2004, informa o seguinte: "Con fecha 19 de Noviembre de 2.003, D. José Luis Rodríguez Bello en nombre de la correspondiente junta de Compensación, presenta para su

tramitación el Proyecto de Urbanización que desarrolla las previsiones contenidas en el PERI II-05 ROCÍO (Exp-5621/411) aprobado definitivamente el 29/10/01. Este documento ha sido redactado por el Ingeniero de Caminos Canales y Puertos D. Julio Roberes de Cominges, y el Arquitecto D. Alberto de Cominges Molíns, con visado de fecha 26 de febrero de 2004 una vez introducidos los ajustes solicitados. A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad de 580.950,92 € por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100% a la aprobación definitiva. La ordenación contenida en el PERI posibilita como aspecto más reseñable, la creación de espacios públicos que alcanzan una superficie de algo más de 7.500,- m² en el área comprendida entre las calles Rocío, Marín y Tomás Paredes. Esa superficie es prácticamente unitaria, con un tratamiento en su mayor parte blando, zonas verdes y sendas peatonales, si exceptuamos una plaza de planta rectangular que recibe un pavimento ligeramente más rígido. La zona entre las calles Pardaíña y Tomás Paredes, también dispone de una zona verde de algo más de 1.500, m² con tratamiento blando. El conjunto del ámbito incluye tres viales de poca entidad, para servicio exclusivo de las edificaciones que se plantean o de las zonas verdes; uno de ellos el acceso C sólo para residentes, y los denominados A y B en fondo de saco, por lo que no tiene relevancia en el conjunto de la red viaria municipal. La urbanización dispone todos los servicios urbanísticos habituales, red de pluviales, saneamiento, abastecimiento y riego, red eléctrica, alumbrado público, gas, comunicaciones, mobiliario urbano, señalización, diversos pavimentos y obras de contención necesarias para resolver las diferencias de nivel. No contienen por tanto unidades de obra singulares. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. Se adjuntan los informes favorables de los servicios de Electromecánicos y Montes, parques y Jardines. Durante la ejecución de las obras se tendrá en cuenta el informe del Ingeniero de Vías y Obras de 31 de mayo. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Área de servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencia una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y /o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del período de exposición pública se notificará a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones, además de a los propietarios de los terrenos incluidos en el ámbito del Proyecto, entre los cuales se encuentra el Ayuntamiento de Vigo."

En base a un informe del enxeñeiro técnico de obras públicas de 3 de decembro, se presentan planos modificados do proxecto de urbanización. Segundo o aludido técnico (informe de 5 de maio de 2005), a documentación presentada consiste en un simple ajuste del vial B, a las previsiones del PERI no suponiendo ninguna alteración que pueda considerarse como sustancial.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2 de agosto de 2004, adoptou entre outros o seguinte acordo cuxa parte dispositiva contén o seguinte tenor literal: "(...) Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do P.E.R.I. II-05 Rocío, redactado polo arquitecto don Alberto Cominges Molíns e o enxeñeiro don Julio Roberes de Cominges con visado da Demarcación de Galicia do Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos número 021734 de 26 de febreiro de 2004. (Expte. 4487/401). Segundo.- Na execución do proxecto seguiranse as instrucións contidas en todos e cada un dos informes técnicos transcritos na parte expositiva. Terceiro.- Previamente á aprobación definitiva deste proxecto de urbanización, deberá ser informado pola concesionaria <Aqualia>, <Gestión integral del agua, S.A.>. Cuarto.- En ningún caso se procederá á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, sen a previa ou simultánea aprobación definitiva do proxecto de compensación. Quinto.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP e nun xornal dos de maior circulación da provincia, así como mediante a notificación individualizada ós propietarios incluídos no ámbito do Proxecto de Urbanización. Notifíquese, tamén, ás mercantís <Aqualia>, <Unión Fenosa> e as compañías de comunicacións. Sexto.- Trasladar este acordo ás oficinas municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Parques, Montes e Xardíns, e Licencias de Obras (...)".

A seguir, procedeuse á apertura un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 194 do 6.10.04 e no diario Faro de Vigo do 24.9.04. Por outra parte, practicouse a notificación individualizada a todos aqueles que teñen a condición de interesados.

Según o certificado do Secretario da XMU, durante o anterior prazo, presentaron alegacións as seguintes persoas: don Julio Montenegro Vila, como administrador da entidade mercantil "Bouza Alta, S.L." (10.10.04, nº rtro: 40103760); don Raimundo Iglesias Pérez e outros, sendo asinada a alegación por unha persoa non identificada que según dí asina "por orde".

A Xunta de Goberno local o 20 de decembro de 2004 deu aprobación definitiva ó proxecto de compensación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- Este procedemento tramitouse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural.

2.- Como quedou posto de manifesto nos antecedentes do presente acordo, presentáronse tres alegacións. Entre elas a presentada a nome de don Raimundo Iglesias Pérez e outros, asinada pola orde dunha persoa non identificada. Con posterioridade, se requeriu á primeira persoa que presentou a alegación (artigo 33 da Lei 30/92) para que se acreditara a representación, sen que ata de agora se subsanara tal deficiencia. Segundo o previsto no artigo 33.4 da Lei 30/92 a falla ou insuficiente acreditación da representación implicará que non se teña por presentada a alegación presentada. Non obstante, para maior seguridade xurídica, se procede a toma en consideración da alegación presentada.

a. Alegacións presentadas por don Raimundo Iglesias Pérez, dona Filomena Vergara Viéitez, don Leopoldo Iglesias Vergara, dona Matilde Dono Rama, don Benito Iglesias Vergara e dona Sara Gayoso Melón (data de presentación: 13.10.04-NºRº 40103785).

* Primer punto da alegación: Nulidade do acordo de aprobación inicial do proxecto de urbanización por canto entenden que non se pode tramitar con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de compensación.

Resposta: Compártese a resposta realizada pola avogada e arquitecto da Xunta de Compensación, por canto non se encontran atrancos legais para a iniciar a tramitación do proxecto de urbanización con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de compensación. En efecto, a aprobación inicial previa do proxecto de urbanización co de compensación, non vulnera ningunha disposición legal nin regulamentaria. Incluso existe certa doutrina que considera aconsellable darlle con anterioridade aprobación ó proxecto de urbanización ó de compensación, dado que permitiría conocer con maior detalle os costes que van a ser obxecto de equidistribución. Trátanse de dous documentos e procedementos claramente diferenciados que polo feito de permitir a aprobación inicial do proxecto de urbanización con anterioridade á definitiva do de compensación, o seu contido non se ve alterado. Así se ve corroborado por numerosas sentenzas, como a STS de 9 de xuño de 1992, no seu fundamento xurídico número terceiro dispoñe o seguinte: " (...) el Proyecto de Compensación referente al Polígono de que se trata constituye un instrumento urbanístico de tramitación autónoma respecto del Proyecto de Urbanización, sin que sea precisa la previa aprobación de aquél para la validez de éste como alega el recurrente, puesto que el art. 175 del Reglamento de Gestión Urbanística no contiene tal exigencia cronológica [Sentencia del Tribunal Supremo de 6-7-1987 (RJ 1987\6679)], siempre que, en definitiva y al llegar a la fase de ejecución, no se

desvirtúe lo que preceptúa el art. 15 de la Ley del Suelo (RCL 1976\1192 y ApNDL 13889) y disposiciones concordantes, debiendo significarse que en el presente caso, la aprobación definitiva de uno y otro proyecto se produjo en la misma sesión de la Corporación municipal, en 27-12-1988(...)". As sentenzas aludidas no escrito de alegacións, non desvirtúan o afirmado, por canto tratan supostos diferentes o presente. En concreto, centran a súa atención nas consecuencias do proxecto de urbanización e de compensación que son a execución material de obras de tal natureza e a reparcelación, respectivamente. En todo caso, queda posto de manifesto que non se procedeu á urbanización con anterioridade da reparcelación. Por outra parte o artigo 14 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións, poñe fin a calquera discusión doctrinal, por canto menciona expresamente a obriga dos propietarios de terreos en solo urbano non consolidado, de proceder á distribución equitativa dos beneficios e cargas derivados do planeamento con anterioridade ó inicio da execución material do mesmo.

* Segundo punto da alegación.- Necesidade de someter as obras de urbanización á lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

A determinación do sistema de contratación das obras de urbanización non é obxecto de análise na tramitación do proxecto de urbanización. Non obstante, a previsión contida no artigo 133 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, esixe que a Xunta de compensación respecte canto menos os principios de publicidade e concorrencia na contratación das obras.

* Terceiro punto da alegación.- Improcedencia da clasificación como solo urbano non consolidado.- No presente expediente non pode ser enxuízada a procedencia da clasificación como solo urbano, dado que se está en presenza da fase de execución do planeamento.

* Cuarto punto.- Insuficiencia do proxecto de urbanización e incorrección do proxecto de compensación.- Do informe técnico favorable, dedúcese que o contido do proxecto de urbanización é suficiente para o logro dos fins que lle son propios. Con respecto á legalidade da delimitación do PERI, non é obxecto do presente expediente, o igual que as circunstancias que motivaron a exclusión de 43,17 metros cuadrados. Tampouco procede a alegación realizada con respecto á falla de notificación a interesados, por canto son circunstancias que afectan ó planeamento de desenvolvemento e o proxecto de compensación.

* Quinto punto.- Participación da Administración dos gastos de urbanización e demais cuestións relativas ó eido da equidistribución.- Como quedou reflexado no acordo da Xunta de Goberno local de 20.12.04, os gastos de urbanización correspondentes ó 10% do aproveitamento, serán satisfeitos polo actual titular dos dereitos. O resto de cuestións foron alegadas obxecto de informe con ocasión da tramitación do planeamento de desenvolvemento e o proxecto de compensación.

b. Alegación presentada por don Julio Montenegro Vila, en representación da entidade mercantil "Bouza Alta, S.L." (data de presentación: 14.10.04, Nº Rº: 40103760). Solicitud de traslado da entrada de vehículos ó bloque RT2, dende a rúa Tomás Paredes, desplazándoa ó extremo do edificio en sentido descendente da citada rúa.

Segundo o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal de data 8.03.05, o traslado solicitado perxudicaría a súa posición dentro da zona que circunda ó edificio RT2, informando desfavorablemente tal pretensión.

c. Alegación presentada por "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.". Manifestación de interés na instalación de rede de telecomunicacións por cable dentro do ámbito PERI II-05 Rocío (data de presentación: 5.11.04. NºRº: 40112336).-A seguir reproducíase o contido do informe do enxeñeiro técnico de obras públicas de 8.3.05 á alegación presentada: "El proyecto contempla el trazado en planta de la infraestructura de telecomunicaciones necesaria para

llevar dicho servicio a todas las edificaciones previstas. El prisma preciso para las distintas compañías que tengan derecho a prestar ese servicio, se definirá en obra de entre los que el Proyecto incluye en los detalles de esta infraestructura, y que figuran en el Plano nº 15 hoja 2 de 2. Responderá a las necesidades de las mismas, necesidad por cierto no concretada en la alegación presentada, por lo que difícilmente se puede precisar con anterioridad. La alegación se desestima, por considerar que el Proyecto ya incluye las previsiones requeridas legalmente para este tipo de servicio urbanístico. Paralelamente la Junta de Compensación debe requerir a las compañías prestadoras de estos servicios, la comunicación de sus necesidades para concretar el prisma de telecomunicaciones...". Por todo ello, se informa desfavorablemente a alegación.

3.- Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 da Lei 9/02, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

4.-Tendo en conta o artigo 74 da Lei 9/02 (mod. neste artigo pola Lei 15/04), deberase depositar garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. Así mesmo, de conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93) e no informe do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas antes citado e no artigo 20.2 da Lei 9/02, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituirse a correspondente fianza ou aval complementario polo importe correspondente ó 100% do orzamento total.

5.- Por último, no momento da recepción das obras de urbanización, deberá constituirse unha entidade urbanística de conservación (art. 110 da Lei 9/02), tal e como se dispón expresamente no vixente PXOU-93.

6.- A competencia para adopta-lo acordo que agora se propoñe, corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, propóñese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar íntegramente as alegacións presentadas e polo tanto aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do "PERI II-05-Rocío" (constituído polos planos visados o 26 de febreiro e 17 de decembro de 2004), promovido por don Jose Luis Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do "PERI II-05-Rocío", redactado polo arquitecto don Alberto Cominges Comíns e o enxeñeiro de camiños, portos e canais don Julio Roberes de Cominges.

SEGUNDO: Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.

TERCEIRO: Na execución das obras de urbanización se deberán respetar os niveis máximos e demais circunstancias previstas na Lei estatal 37/03 de ruído, Lei 7/97 de protección contra a contaminación acústica de Galicia, sen prexuízo da normativa regulamentaria e a ordenanza municipal aprobada para o efecto.

CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ó coordinar municipal dos servizos municipais e as concesionarias de servizos municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(555).- SUSPENSIÓN DA TRAMITACIÓN DO PERI DA U.A. 1 DO NÚCLEO URBANO 04-15 ALZA-CABRAL. EXPTE. 8559/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, de data 5.05.05, que di o seguinte:

A "Unidade de actuación 1-Alza", está delimitada no Plan xeral de ordenación urbana de Vigo, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 29.04.93 (DOGA 10.05.93). Como características básicas contidas na ficha do planeamento, é de salientar que se remite a un planeamento de desenvolvemento (PERI) e o sistema de execución é o de compensación.

En data 26 de agosto de 2003, don Miguel Ángel Tourón Arias, solicita a tramitación do planeamento de desenvolvemento aludido, para o que achega documento técnico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20 de agosto de 2003.

Logo de ser emitido informe da oficina de planeamento e xestión (20.01.04) no que se constatan certas deficiencias no instrumento técnico de desenvolvemento presentado, o promotor presenta escrito acompañado de nova documentación (18.5.04).

Con posterioridade (18.10.04) emítase novo informe técnico, requirindo a subsanación das seguintes deficiencias: " (...) 1/ Deberá presentarse nota informativa do Rexistro da propiedade sobre a descrición, titularidade e cargas de todas as fincas do ámbito do Plan Especial.2/ Relación de propietarios do ámbito que apoian esta actuación urbanística, e conformidade expresa dos mesmos por escrito. 3/ Son necesarias 3 copias refundidas do documento completo, incluíndo o estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico correctamente encadernado. En tanto non se emenden estas deficiencias, interrómpese os prazos legais para a aprobación de instrumentos de planeamento (...)"

O 9 de novembro de 2004, don Miguel Angel Tourón Arias, presenta nova documentación.

O 30.12.04, o Concello-Pleno, da aprobación inicial á revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Dito acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 15 de febreiro de 2005.

Consta no expediente novo informe técnico (2.3.05), no que se constata o seguinte: "(...) O documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente por acordo plenario, na sesión do 30.12.04 (DOGA 15.02.05),

cualificou o 91% da superficie deste ámbito como SISTEMA XERAL DE ZONAS VERDES. Corresponde a todos aqueles espazos non edificados destinados fundamentalmente a plantación de arborado e xardinería, admitíndose diversos tratamentos do solo, e cuio obxecto é garantir a salubridade, repouso e lecer da poboación, a protección e illamento entre zonas que o requiran e a obtención de mellores condicións ambientais (...)"

En base o anterior informe, o asinante do presente, informou sobre as consecuencias derivadas da incompatibilidade do instrumento que se trae a aprobación e o plan xeral aprobado inicialmente. Do anterior informe déuselle traslado ó interesado en trámite de audiencia previa á resolución do expediente.

O 3 de maio de 2005, don Miguel Ángel Tourón Arias presenta escrito de alegacións. No mesmo solicita ó Concello á paralización do expediente.

DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

- 1. Constitución española (artigos 33, 148.1.3º, 149.1.18º etc...).*
- 2. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.*
- 3. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.*
- 4. Real decreto 2.159/1.978, polo que se aproba o regulamento de planeamento urbanístico.*
- 5. Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.*

FUNDAMENTOS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- 1. Lexitimación do promotor para a tramitación de planeamento de desenvolvemento da UA 1-"Alza".- Don Miguel Ángel Tourón Arias presentou escrito de solicitude de tramitación de expediente de planeamento de desenvolvemento o 23.8.03. A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece no seu artigo 79 que os particulares poderán redactar e elevarlle á administración competente para a súa tramitación os instrumentos de desenvolvemento do plan xeral. Tra-la modificación da antedita Lei pola Lei 15/04, esixe para a tramitación do planeamento de desenvolvemento de iniciativa particular, a aceptación dos propietarios que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento. Entre a documentación aportada consta escrito de que se da conformidade á proposta de desenvolvemento da unidade de actuación, non obstante, non se acreditou fehacientemente que a sinatura corresponde cos propietarios reais e que o acordo é extensible ó 100% da superficie, tal e como se menciona no escrito.*
- 2. Incompatibilidade da proposta de planeamento e do documento de planeamento xeral aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 30.12.04.- Como quedou reflexado nos antecedentes, consta informe técnico emitido pola arquitecta municipal de 2.3.05, no que se chega á conclusión de que a proposta presentada é totalmente incompatible co ordenamento previsto na aprobación inicial do planeamento xeral, dado que o 91% da superficie do ámbito está previsto destinalo a sistema xeral de zonas verdes.*
- 3. Dereito á tramitación do planeamento de desenvolvemento e influencia da suspensión de licenzas derivado do acordo de aprobación inicial do PXOM.- Os particulares dentro do dereito á tramitación do planeamento de desenvolvemento recollido nos artigos 6 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións e 79 da Lei 9/02, teñen dereito a un pronunciamento sobre a súa aprobación inicial, dado que existe a oportunidade que no trámite de información pública e audiencia, se chegue á convicción de que se evidencia a inviabilidade do planeamento pretendido. Según a STS de 30 de decembro de 1980 (RJ 1980\5112) o dereito ó trámite é non*

denegable senon por motivos de estricta legalidade que lle afecten, posto que aqueles de oportunidade que teñen por finalidade modificacións ou melloras do proxectado, deben ser obxecto dos actos de aprobación provisional e definitiva (no mesmo sentido se pronuncian a STS de 21 de junio e 22 de outubro de 1985 e 28 de abril de 1986). Certamente a aprobación inicial dun instrumento de planeamento xeral, non ten a suficiente forza vinculante como para denegar licenzas urbanísticas pola súa disconformidade coa ordenación proxectada. A vixencia indefinida dos plans xerais de ordenación municipal, implica que deberán producir efectos ata a súa derogación ou resulten disconformes coa ordenación vixente. Tal e como establece a xurisprudencia (Sala 3ª da A.T. de Madrid, Sentencia de 17 de febreiro de 1988, confirmada pola STS 16 de xuño de 1989-RJ 1989\4726), é absurdo e contrario ás máis elementais regras da lóxica xurídica aprobar un instrumento urbanístico cuxa execución material vaia a dar lugar unha realidade física contraria ás previsións do ordenamento en vigor cando se produza dita consagración material. Como quedou dito con anterioridade, a disconformidade co planeamento aprobado inicialmente é radical, ata o punto de limitar o uso edificatorio pretendido no 94% da parcela obxecto do ámbito en cuestión.

4. *Sentido da resolución nos casos nos que a suspensión de licencias impiden a aprobación de instrumentos de planeamento.- Nos fundamentos xurídicos anteriores, analizouse a improcedencia no presente caso de inadmitir a tramitación do instrumento urbanístico proposto para a súa tramitación, dado que existe un dereito recoñecido legalmente ós particulares de que lle sexa tramitado o expediente de aprobación de planeamento de desenvolvemento. Tal e como menciona na xurisprudencia aludida, dada a especial incompatibilidade do planeamento proposto co aprobado inicialmente, procede suspender preventivamente a tramitación do Plan. Polo tanto, trátase de limitar a expectativa de urbanización e edificación que con posterioridade non poderá materializar, cuxa aprobación constituiría un uso inadecuado da potestade de planeamento, dando orixe a normas xurídicas contradictorias.*
5. *Potestad da Administración de alterar o planeamento.- A Sentencia do Tribunal Supremo de 28.02.89, alude o presente tema fundamentando o seguinte: "...el principio de vigencia indefinida de los planes de ordenación urbana no pueden entenderse en un sentido estático, de perpetuación de la ordenación, sino como garantía de su estabilidad y permanencia. Esta postura no impide que la Administración ejercite sus facultades de revisión y modificación, cuando nuevos criterios o nuevas necesidades hagan necesaria o adecuada la actualización del planeamiento vigente en un momento determinado...no existe vinculación del plan actual a las determinaciones del anterior, ni en consecuencia, su alteración implica desconocimiento de derecho adquirido alguno salvo la concurrencia de un supuesto indemnizatorio (STS 28.01.00)...el hecho de que los terrenos estuviesen ordenados mediante plan parcial no representa obstáculo para la actuación del <ius variandi> que la Administración ostenta en materia de planeamiento y que se extiende también a aquellos que estén en curso de ejecución (STS 28.01.00). A alteración da ordenación ten un sólido fundamento na potestade regulamentaria (STS 24.11.81, RJ 5299). A lexitimación do ius variandi é utilizada como un medio de adecuación da normativa do solo ás necesidades e conveniencias de futuro. A opción territorial ou urbanística do planeamento anterior non vincula á Administración. A facultade innovadora se estende tanto en orden á clasificación como á calificación do solo integrado no territorio que se vai a ordenar (STS 21.1.97, RJ 1865). Non hai determinación algunha que, en caso de revisión do plan teña carácter de inmodificable (STJ La Rioja 21.7.00, RJ 1610). Incluso a facultade de revisión pode afectar a dereitos adquiridos polos propietarios, sen que limite o principio de seguridade xurídica (STS 2.11.82, RJ 7079), sen prexuízo da concurrencia dun suposto indemnizatorio.*
6. *Contido da alegación presentada por don Miguel Ángel Tourón.- Na alegación presentada se comunica que se está a formular un avance de convenio que conlevará a creación dunha zona verde de gran magnitude. Así mesmo, insta a paralización do expediente pero non a suspensión. En contestación a dita petición, é necesario informar que a suspensión na tramitación do expediente implica necesariamente a paralización do mesmo.*

7. Órgano competente para a resolución do presente expediente.- O acordo de aprobación inicial dun planeamento de desenvolvemento é da Xunta de Goberno local, en virtude do artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O mesmo texto legal, no seu artigo 123.1.i, outorga a competencia para a aprobación definitiva ó Pleno. Para maior seguridade xurídica, enténdese que o acordo de suspensión da tramitación do planeamento de desenvolvemento correpondería o Pleno.

En virtude do exposto, propóñese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Estimar parcialmente a alegación e en consecuencia, acordar a suspensión da tramitación do "PERI UA 1 do Núcleo urbano existente 04-15 Alza-Cabral" en tanto non se produza o cese da suspensión na tramitación de licenzas ou instrumentos de planeamento que contradicen o disposto no plan xeral aprobado inicialmente por acordo plenario de 30.12.04 (DOGA 15 de febreiro).
2. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(556).-SUSPENSIÓN DA TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. 14 PEDREIRA. EXPTE. 4510/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, de data 6.05.05, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 23.12.95 acordouse a aprobación definitiva do Estudio de Detalle da "UA 14-Pedreira-San Miguel de Oia" (3166/411, BOP núm 27, do 07.02.1996). Por acordo de 17.09.98 do Consello da XMU, deuse aprobación ós estatutos e bases de actuación da xunta de compensación dese polígono (DOGA 102, do 29.05.98).

A Xunta de compensación constituíuse o 7.04.99 mediante escritura pública outorgada perante o notario de Vigo D^a Palimira Delgado Martín, co número 616 do seu protocolo . Consta no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras en virtude de resolución do Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia do 27.03.2000. O proxecto de compensación foi aprobado o 20.09.2004 (expte. 4529/401).

O 16.02.2004 o representante da Xunta de Compensación presentou solicitude de tramitación e aprobación do correspondente proxecto de urbanización, achegando para elo proxecto técnico, asinado polo enxeñeiro de camiños don Alberto Moreno García, que foi rectificadora e completada con outra posterior presentada nos días 18.10.04 e 3.12.04.

O proxecto de urbanización foi informado polo enxeñeiro municipal do departamento de "montes e xardíns" (17.11.04) e "servizos electromecánicos" (13.12.2004), con certas precisións que deberán cumprirse no momento de execución das obras. Consta no expediente informe favorable do enxeñeiro técnico de obras públicas, no que se constata entoutros extremos o seguinte: "(...) a los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad de 479.483,89 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes

NNUU, deberán presentar aval por el 100% a la aprobación definitiva. El proyecto consiste en la urbanización de un tramo de la calle Cesáreo Álvarez con la sección prevista en el PGOU, aproximadamente entre el número 36 y el camino de Bouzo, la ampliación de este camino también al ancho previsto, del camino público que arranca en la esquina del nº17 de la calle Cesáreo Álvarez, y a la apertura y urbanización de un tramo de unos 160 metros lineales de vial de 16 metros de anchura incluido como previsión en el planeamiento general vigente. A propósito de este último vial, el PGOM en marcha también incluye este corredor. Incorpora unas pequeñas zonas verdes, tal y como se definen en el planeamiento que desarrolla, y tres viales en fondo de saco para resolver el acceso rodado a parcelas, sin utilizar el vial principal. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. El Proyecto cumple con las vigentes NNUU, con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Área de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen consideradas necesarios, conforme el articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del período de exposición al pública se notificará al coordinador del área de servicio, y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R (...).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de febreiro de 2005, adoptouse a seguinte resolución: "(...)PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da UA 14 Pedreira (Oia), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo enxeñeiro D. Alberto Moreno García, visado en datas 22/10/2002 e 02/12/2004 (Expte. 4510/401). SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP en un diario de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación xunto cunha copia do informe do servizo municipal de electromecánicos do 13/12/2004. Notifíquese tamén a tódolos propietarios do polígono, ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral (...).

O 30.12.04 o Concello en Pleno deu aprobación inicial o Plan Xeral de Ordenación Municipal (DOGA 15 de febreiro de 2005).

En data 5 de abril de 2005, o enxeñeiro técnico de obras públicas, informa o seguinte: "(...) en el ámbito del proyecto de referencia, el PXOM aprobado inicialmente el 30/12/04, plantea que el ámbito del vial previsto tenga 20 metros de ancho, mientras en el documento de referencia tiene 16 metros. Del mismo modo la calle Cesáreo Vázquez con un ancho previsto de 10,50 metros en el PXOM, figura con 10 metros en el Proyecto de urbanización (...).

O 6 de abril de 2005, a técnica de admón xeral da oficina de planeamento e xestión informa o seguinte: "(...) Do exposto resulta que existen discordancias entre as determinacións do Proxecto de Urbanización e as previsións do novo Plan Xeral, dando lugar a unha incompatibilidade que desaconsella a continuación da tramitación do devandito proxecto de urbanización, por canto a edificación prevista no seu ámbito non podería autorizarse por atoparse suspendidas as licencias por acordo plenario de 30/12/04 ó abeiro do artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA); e por canto dificultaría o bo fin das previsións do PXOM en tramitación para o devandito ámbito. CONCLUSIÓN: En consecuencia procede acordar a suspensión da tramitación do Proxecto de Urbanización UA 14-Pedreira en tanto non se resolva o procedemento de aprobación do PXOM, previo trámite de audiencia dos interesados no procedemento (...).

O anterior informe foille comunicado ó presidente da Xunta de Compensación UA 14-Pedreira. Durante o trámite de audiencia outorgdo, don Luis Barros Rial, como presidente da Xunta de Compensación, presenta escritos o 21 e 26 de abril do ano en curso.

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Constitución española (artigos 33, 43, 44, 45, 148.1.3, 149.1.18 etc...).

2. *Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.*
 3. *Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
 4. *Real decreto 3.288/78, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística*
- Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.*

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-*Incompatibilidade do proxecto de urbanización co de planeamento xeral aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 30.12.04.- Como quedou reflexado nos antecedentes, consta informe técnico evacuado polo enxeñeiro técnico de obras públicas (5.4.05) no que se constata a incompatibilidade do proxecto de urbanización coas determinacións do instrumento de planeamento xeral aprobado inicialmente o 30.12.04. En concreto, a anchura do vial prevista no mesmo é maior co contido no proxecto de urbanización presentado.*

2.-*Natureza do proxecto de urbanización.- As alegacións presentadas pola Xunta de Compensación, inciden en que a suspensión de licenzas non afecta á tramitación dos proxectos de urbanización. En resposta a tal alegación, é necesario matizar que aunque a suspensión únicamente se fixo referencia a que afecta ás licenzas, non por elo, se pode esquecer que os proxectos de urbanización comparten a mesma natureza cun proxecto de obras ordinario cun contido especial previsto na lexislación urbanística en vigor, en concreto no artigo 110.1 e 3 da Lei 9/02. A xurisprudencia, mesmo chegou á conclusión de que non precisa de licenza de obras, poñendo por exemplo a STS de 19 de abril de 1999 (RJ 1999\2985): "(...) como el Proyecto de Urbanización es un instrumento limitado en su alcance -el último escalón del planeamiento urbanístico-, tendente, como acto ordenado que es, a llevar a la práctica los Planes correspondientes, constituye, una vez aprobado y publicado, un acto administrativo inmediatamente ejecutivo, que legitima -sin necesidad de otras autorizaciones posteriores o complementarias- la realización de las obras a que el mismo se refiere (obras que, programadas en el Proyecto, son, precisamente, las que materializan las previsiones de los Planes, y no necesitan, por ello, licencia municipal independiente -según lo dispuesto en los artículos 178 de la Ley del Suelo de 1976 y 1.9 y 89 del Reglamento de Disciplina Urbanística de 1978-, siendo improcedente, en consecuencia, el giro de una Tasa -y, también, del ICIO- basado en la concesión de una Licencia que, como se ha dejado indicado, es superflua y prescindible) (...)".*

3.- *Incidencia da suspensión de licenzas derivada da aprobación inicial do planeamento xeral.- Dada a natureza dos proxectos de urbanización, a suspensión de licenzas abrangue a aprobación dos proxectos de urbanización, debido a que se procura con esta medida cautelar a consolidación de situacións materiais incompatibles coa ordenación resultante da aprobación definitiva do planeamento xeral. Esta posición é amplamente respaldada pola Xurisprudencia, en concreto, STS de 23 de maio de 1989 (RJ 1989\3960), conclúe o seguinte: "(...) Que siendo el Proyecto de Urbanización un proyecto de obras que tiene por finalidad el llevar a la práctica los Planes Generales Municipales en el suelo urbano, los Planes Parciales y, en su caso, las Normas Complementarias y Subsidiarias del Planeamiento, detallando las obras a ejecutar de tal forma que puedan ejecutarse por técnico distinto del autor del proyecto, sin que puedan contener determinaciones propias del planeamiento, sin perjuicio de la adaptación que exija la ejecución material de aquéllas, artículos 15 de la Ley del Suelo y 67 y siguientes de su Reglamento de Planeamiento comprendiendo esas obras las relativas a la vialidad, abastecimiento de aguas, alcantarillado, energía eléctrica, alumbrado público, jardinería u otras análogas que se conforman según la ordenación del terreno, y estando éste, como queda expuesto, afectado por el planeamiento aprobado inicialmente, débese concluir que el otorgamiento del Proyecto de Urbanización fue suspendido conforme con lo dispuesto en el artículo 27-4 de la Ley del Suelo; toda vez que de ser aprobado y objeto de ejecución el Proyecto de Urbanización contravendría las previsiones del nuevo ordenamiento en el caso de ser éste aprobado definitivamente; por lo cual la finalidad y razón de ser del mentado precepto legitima la suspensión acordada por el Acuerdo de 20 de diciembre de 1984, existiendo identidad entre esa motivación referida a las licencias de parcelación y edificación y la que tiene por objeto un proyecto de urbanización que no requiere para su ejecución licencia municipal; ya que de no estimarse susceptibles esos proyectos de suspensión al amparo de las meritadas normas de la Ley del Suelo y de su Reglamento de Planeamiento se produciría una conformación del terreno que condicionaría una parcelación y edificabilidad contrarias a las nuevas determinaciones previstas en la aprobación inicial de la reforma del Plan General de Ordenación Urbana (...)".*

4.- Sentido da resolución nos casos nos que a suspensión de licencias impiden a aprobación de proxectos de urbanización.- Tal e como menciona na xurisprudencia aludida, dada a especial incompatibilidade do proxecto de urbanización proposto co instrumento de plan xeral aprobado inicialmente, procede suspender preventivamente a tramitación daquel. Polo tanto, trátase de limitar a expectativa de urbanización e edificación que con posterioridade non poderá materializar. A suspensión da tramitación é proposta pola Presidencia da xunta de compensación.

5.- Outras cuestións alegadas no escrito de 21 de abril de 2005.- O alegante considera que houbo un erro nas determinacións previstas no documento aprobado inicialmente o 30.12.04. O informante descoñece os motivos que motivaron a modificación das determinacións, non obstante, esta cuestión debe ser obxecto de análise con ocasión da aprobación provisional do planeamento xeral. Por outra parte, non se estima que o Concello vaia con esta resolución contra os seus propios actos, mais ben o contrario, dado que o que se pretende coa suspensión da tramitación do proxecto de urbanización é a aplicación estricta das determinacións do acto de aprobación inicial do planeamento xeral.

6.- Órgano competente para a resolución do presente expediente.- Xunta de Goberno Local (127.1.d Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), previa deliberación do Consello da Xerencia municipal de urbanismo.

Por todo iso, formúlase a seguinte proposta de resolución:

1º.- Acordar a suspensión da tramitación do proxecto de urbanización U.A. 14-Pedreira en tanto non se produza o cese da suspensión na tramitación de licenzas ou instrumentos de planeamento que contradicen o disposto no plan xeral aprobado inicialmente por acordo plenario de 30.12.04 (DOGA 15 de febreiro).

2º.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(557).-DEVOLUCIÓN FIANZA A DRAGADOS S.A. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN PARA TRABALLOS DE REHABILITACIÓN EDIFICIO CENTRO DE SAÚDE. EXPTE.44839/250

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 13.05.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 14 de xaneiro de 2002, DRAGADOS, S.A. solicitou permiso de circulación de camións a Pza. da constitución número 7, para traballos de rehabilitación dun edificio para Centro de Saude, ca mesma data no oficio da Policía Local e con número de expediente 307/2002, nos solicitan informe sobre peso máximo, etc. iste servicio de Vías e Obras, indica no seu informe de 15 de xaneiro de 2005, que nos existe inconveniente a sua autorización, condicionada o peso máximo, o itinerario e o depósito dunha fianza de 60.000 euros polos danos que se poidan

ocasionar ó patrimonio municipal. Fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200200003598 de data 15 de febreiro de 2002.

Solicitada a devolución da fianza, con documento de entrada no Rexistro Xeral número 50111633 de 09-05-2005. Con data 12-05-2005, procedeuse a facer unha visita de inspección polo percorrido dos camiños, indicando que non se produciron danos na calzada e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (60.000 euros – sesenta mil euros), a favor de DRAGADOS, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza por importe de 60.000 € a favor de DRAGADOS S.A.

33(558).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA SUBMINISTRACIÓN DE “ELEMENTOS DE XOGO PARA PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS”. EXPTE. 3059/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas do 15.03.05, asinado polo enxeñeiro de Montes, o coordinadora da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns, o prego de cláusulas administrativas do 7.04.05, asinado polo xefe administrativo de Vías e obras e o asesor xurídico do Área de Servizos Xerais, ambos para a subministración de elementos de xogos para parques infantís municipais; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica, do 4.05.06, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo do Área de Servizos Xerais, do 7.04.05, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro do Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro de Montes, Parques e Xardíns, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministración de “Elementos de Xogo para Parques Infantís municipais ” elaborado polo servizo de Montes Parques e Xardíns

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso da subministración de “ Elementos de Xogo para Parques Infantís municipais ” para o servizo de Montes Parques e Xardíns .

3º.- Autorizar o gasto de 40.000,00 euros para a contratación do subministro de “ Elementos de Xogo para Parques Infantís municipais ” para o servizo de Montes Parques e Xardíns con cargo á partida 432.6.629.00.03 do presuposto do 2005.

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

34(559).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE ENRIQUE BÁTIZ DENTRO DO CONCURSO-FESTIVAL DE PIANO DE VIGO 2005. EXPTE. 2137/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.05.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 13.05.05, conformado pola Excm. Alcaldesa e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato que de seguido se transcribe para a realización dun concerto de ENRIQUE BÁTIZ que terá lugar no AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA, o día 29 de maio de 2005, DOMINGO, ás 21,00 horas, dentro do Concurso-Festival de Piano de Vigo 2005.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 18.289,35 euros (dezaioito mil doscentos oitenta e nove euros con trinta e cinco centimos) para a contratación do concurso do citado artista. O pagamento realizarase á empresa UBIAGRANDA, S.L. B 36916492, con cargo á partida 111.0.227.06.05

3º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta habilitada 2080-0000-7200-4024-6826.

CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA CONCERTO DE ENRIQUE BÁTIZ NO AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA O DIA 29 DE MAIO DE 2005.

En Vigo, a 20 de maio de 2005

Dunha parte Don Javier Guerra Fernandez. , na calidade de Concelleiro-Delegado da Area de Xestión como representante do CONCELLO DE VIGO, C.I.F. P3605700H , con domicilio social en Vigo, Pza. do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

E doutra parte D. Mario Ubiaga André, na calidade de Administrador Único e que actúa en nome da empresa denominada UBIAGANDRAL S.L. C.I.F. B36916492, e con domicilio social na rúa do Príncipe nº 34,1º Ofi. J na cidade de Vigo, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñecen capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente

contrato que rexirá de conformidade as seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata Á AXENCIA para que realice un concerto de ENRIQUE BÁTIZ, no sucesivo O ARTISTA, o día 29 de Maio de 20035 as 21.00 horas no recinto denominado AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA, situado en Vigo.

O concerto encadrase no ciclo “CONCURSO-FESTIVAL DE PIANO DE VIGO -2005” que programa a alcaldía do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e sellado en todas as follas, antes do día 29 de maio.

A validez do contrato está supeditada a conformidade do programa do concerto por parte da dirección artística do ciclo. A AXENCIA facilitará o programa ó CONCELLO antes do día previsto para a recepción do contrato.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 11.000,00 euros máis 3.666,67 euros (en concepto de impostos de non residentes), e, 1.100 de gastos de xestión o que fai un total de 18.289,35 euros en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe a actuación do ARTISTA, o seu equipo técnico e persoal necesario para a realización do concerto, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pago realizarase mediante entrega dun talón nominativo a favor de UBIAGANDRAL, S.L. C.I.F. B36916492, ó día do concerto.; e coa presentación da factura que axustarase ós requisitos establecidos no Real Decreto 2402/1985, do 18 de Decembro. O Talón entregarase a Mario Ubiaga André, D.N.I. 36.105.816 W administrador único de UBIAGRANRAL, S.L.

CARTA.- Serán por conta do CONCELLO todo-os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pago de dereitos de autor, permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e datas determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do concerto.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispoñe dun aforo de espectadores sentados. As entradas sern gratuítas ate com`pletar aforo.

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ó concerto que difundirá adecuadamente.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercancía ou produto vinculados ó concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo DO

ARTISTA, sen o previo consentimento DA AXENCIA por escrito. A AXENCIA reservase o dereito da explotación dos produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de grabación, será obrigatorio obter por escrito autorización DA AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ó espectáculo; polo que dispondrá dos pases necesarios ó lugar do concerto a fin de atender ós seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ó CONCELLO, con 7 días de antelación, as normas para que os medios de comunicación podan realizar a cobertura informativa do concerto. En caso contrario, entendese que os medios de comunicación acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imáxenes e son dos 5 primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a firma do presente contrato, compromètese a realizar unha campaña de publicidade adecuada ó concerto. A AXENCIA pondrá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMOPRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración das institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto do concerto e as súas inmediacións, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

O ciclo “Concurso-Festival de Internacional de Piano de Vigo -2005 está patrocinado polo CONCELLO DE VIGO, CAIXANOVA XUNTA DE GALICIA, COMPOSITORES DE España, Fundación Mayeuser Y Kawai.

DÉCILOSEGUNDA.- Se o concerto o xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ó CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus patrocinadores. Neste caso o CONCELLO, comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DECIMOTERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto sendo da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato e o seu anexo; sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ó propietario do local do concerto.

DECIMOCARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ó ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigacións en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle corresponda.

DECIMOQUINTA.- O CONCELLO será responsable de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que podan causar danos materiais ós elementos que formen parte do concerto.

DECIMOSEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ó escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc. e en xeral a aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenrolo do concerto.

DECIMOSÉTIMA.- O CONCELLO responde da perda ou deterioro dos obxectos que o ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais do escenario, como dos efectos persoais do camerino. En este caso A AXENCIA quedaría obrigada a declarar detalladamente ese material Ó CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DECIMOITAVA.- O CONCELLO pondrá á disposición da AXENCIA o recinto do concerto dende as 16:00 horas do día anterior á actuación hasta as 23:00 horas despois do final do concerto.

DECIMONOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servicios do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO .

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXESIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos o de forza maior o concerto houbera de suspenderse A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a firma dun acta de conformidade.

VIXÉSIMOPRIMEIRA.- Se dende a firma do presente documento, o CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, o artista percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXESIMOSEGUNDA.- So en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá a AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS

VIXESIMOTERCEIRA.- O incumprimento total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará ó ARTISTA a rescindir o contrato.

VIXESIMOCARTA.- As partes contratantes se someten ós Tribunais da Xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro Fuero de Xurisdición que poidera corresponderlles para resolver cuantas cuestións poiderán derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

VIXESIMOQUINTA.- O CONCELLO non asume respecto ó ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non este indicado expresamente neste contrato e os seus ANEXOS.

E en proba de conformidade , firman as partes este documento por triplicado, a un so efecto, no lugar e data indicados.

35(560).- ROGOS E PREGUNTAS.
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.